Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as razóns do baixo nivel de execución pola Xunta de Galicia dos orzamentos destinados ás políticas de creación de emprego e as medidas que vai implementar ao respecto, en particular, as destinadas ás persoas desempregadas de longa duración maiores de 45 anos

- 25534 - 23526 (09/PRE-007128)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reducir o número de accidentes laborais en Galicia, así como a actuación que vai levar a cabo en relación coa eventual aprobación polo Goberno central dunha Lei de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as competencias de Galicia na materia

- 25517 - 23753 (09/PRE-007133)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda e Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do actual servizo de xinecoloxía do Centro de Saúde das Pontes e a atención das demandas do Concello referidas ás necesidades existentes nel

- 25513 - 23757 (09/PRE-007134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a información e opinión da Consellería de Sanidade respecto do novo proxecto de rehabilitación da Casa do Médico do Hío para destinala a usos sanitarios, así como as medidas previstas para o cumprimento do compromiso de construción do Centro de Saúde de Aldán-O Hío

- 25514 - 23891 (09/PRE-007137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a información referida á destrución de probas radio-diagnósticas sen previa dixitalización en centros hospitalarios do Sergas, en concreto, na Área de Xestión Integrada de Lugo, se é o caso, a súa xustificación e as medidas adoptadas ao respecto

- 25430 - 23898 (09/PRE-007138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis

Sobre os obxectivos da Consellería de Sanidade respecto da xestión dos laboratorios que se van segregar do novo hospital privado de Vigo, así como as repercusións e a xustificación da súa supresión

- 25429 - 23962 (09/PRE-007143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre os datos referidos ao cumprimento do Pacto local no relativo á asunción pola Xunta de Galicia dos gastos dos centros de saúde e puntos de atención continuada, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto

- 25518 - 24122 (09/PRE-007147)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a norma legal pola que se rexen as actuacións comprendidas no programa “Reconduce”, destinado a prestar asesoramento xurídico e económico e unha atención perso-

nalizada ás familias afectadas polos desafiuzamentos, os datos referidos á creación da oficina que o desenvolve e a tramitación das solicitudes presentadas, así como o orzamento destinado para ese fin

- 25549 - 24173 (09/PRE-007149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as razóns do Goberno galego para recortar a programación dos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade, as súas repercusións para as familias e persoas afectadas e as previsións da Consellería respecto da súa rectificación para o verán de 2014, así como para as próximas convocatorias

- 25538 - 21547 (09/PRE-007215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación laboral dos traballadores da empresa auxiliar Atenasa, do sector naval de Ferrol, as medidas adoptadas para resolver o conflito

- 25230 - 16886 (09/PRE-007240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre a utilización da hormona animal Somatropina Bovina (BST)

- 25229 - 17368 (09/PRE-007246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a valoración do resultado, a incidencia que vai ter nas diferentes comarcas e concellos de Lugo e os criterios seguidos na elaboración do novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013 aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

- 25228 - 19580 (09/PRE-007250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia dos danos materiais e ambientais ocasionados polo incendio declarado o 11 de setembro de 2013 no monte Pindo, os medios destinados a

palialos e as previsións respecto do desenvolvemento dun plan de restauración medioambiental, así como a súa declaración como parque natural

- 25411 - 23006 (09/PRE-007258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas nas probas de tuberculose bovina realizadas nas campañas de saneamento gandeiro en Galicia e as súas consecuencias para as explotacións

- 25227 - 21116 (09/PRE-007294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para lles garantir aos mariñeiros galegos embarcados na frota de altura, grande altura e mariña mercante o exercicio efectivo do dereito ao voto nas eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio de 2014

- 25409 - 18131 (09/PRE-007340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e Paz Franco, María Tereixa

Sobre os criterios mantidos polo Goberno galego na negociación do reparto de fondos da política agraria común

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. 25530

CONSEILLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

31 XULL. 2014

SAIDA

Num. 2026

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17988**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a medida 1.08.003, relativa aos servizos públicos de emprego, contida no borrador do informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego participou na sinatura do Acordo Marco en cumprimento e aplicación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, que establece, no seu artigo 6.1º, que o Sistema Nacional de Emprego deberá garantir, entre outras facilidades, a de fortalecer os Servizos Públicos de Emprego e favorecer a colaboración público-privada na mediación laboral e o desenvolvemento das políticas activas de emprego.

A figura da axencia de colocación apareceu recollida por primeira vez na Lei de Emprego de 2003, na que se define coma empresas destinadas á mediación laboral. Neste sentido, a última reforma laboral aprobada en 2012 incide no papel desta figura e na necesidade de abrir unha vía de colaboración entre este tipo de axencias e os servizos públicos de emprego estatais e autonómicos.


Non hai, polo tanto, ningún intento de privatizar este servizo. Posto que a Xunta de Galicia trata de obter as mellores condicións e posibilidades para os desempregados e desempregadas galegas, o principal é favorecer a súa transición ao emprego poñendo ao seu alcance o maior número de opcións posibles para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.

Precisamente e de forma paralela a Xunta traballa para impulsar e mellorar o funcionamento do servizo público de emprego de Galicia co obxectivo de fortalecer o seu papel no eido da mediación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16927**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a situación das obras das aldeas de Esperanzo e San Paio, no concello de Lobios”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como foi informado en resposta á pregunta escrita nº 19925 sobre o mesmo asunto, non consta por parte da Delegación Territorial da Xunta en Ourense ningún compromiso asumido polo delegado territorial coa veciñanza de Esperanzo e San Paio, así como tampouco consta ningunha reunión cos veciños referidos.

En relación co ámbito da pregunta indícase que, dentro das competencias do Servizo Provincial de Conservación da Natureza e do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, tense valorado a posibilidade de arranxar dúas pistas, en concreto Forcadiñas–Os Portos, e San Paio–Arroio Chao de Requeixo, para mellorar as comunicacións dos vecinos desta zona do concello de Lobios, actuacións que se incluíron nunha proposta xeral de arranxo de pistas no Parque Natural da Baixa Limia– Serra do Xurés, no marco do Convenio da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Geres–Xurés.

Polo tanto, dentro das previsións de actuacións do Parque Natural da Baixa Limia–Serra do Xurés, está a realización das anteriores actuacións, que se teñen incluído nunha proposta de arranxo de pistas e camiños.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19714**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a redución de postos de traballo prevista pola Dirección Territorial de Correos e Telégrafos nas seccións de reparto do ámbito urbano, os datos referidos á súa aplicación en Galicia e a súa posible incidencia no cumprimento da directiva comunitaria referida á frecuencia e calidade dos servizos postais, así como as previsións do Goberno galego respecto da demanda da revogación desta decisión”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI). E por tanto enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

Nembargantes, e por xestións realizadas co obxecto de poder informar convenientemente desta iniciativa parlamentaria, cómpre sinalar o seguinte:

A citada compañía sustenta a xeración de valor para o seu accionista no cumprimento eficiente da súa misión de servizo público e no mantemento da súa competitividade e rendibilidade empresariais.

A súa representación e xestión corresponde aos seus tres órganos superiores de dirección: o Consello de Administración, a súa Comisión Executiva e o Presidente. A nivel territorial Correos estrutúrase en 7 Direccións de Zona.

De xeito periódico, a sociedade Correos realiza estudos de dimensionamento nas súas unidades, tanto rurais como urbanas, para verificar a adecuación dos cadros de persoal en todo o territorio nacional aos volumes de correspondencia que manexa cada zona de reparto en todo o territorio estatal.

Este tipo de estudos teñen en conta diversos aspectos e factores que poidan incidir na valoración da xestión de reparto.

Correos, en distintas ocasións, ten indicado que os volumes postais teñen experimentado un acusado descenso nos últimos anos, motivado –entre outros factores- polo impacto da crise económica e polo efecto substitución que sobre os servizos postais tradicionais teñen as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O obxectivo de Correos –como ten manifestado de xeito explícito- é enmarcar as accións de reorganización nas necesidades de acción permanente, procurando unha maior adaptación á actividade postal é as cargas de traballo.

En todo caso, agardamos necesario que este plantexamento non supoña en ningún caso discriminación na súa aplicación, con respecto aos que esta compañía poida levar a cabo en calquera outro sitio de España.

Reitérase finalmente que as accións de reorganización na citada sociedade estatal corresponden ao ámbito competencial da administración estatal, non sendo competencia desta Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamento



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19718**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a redución de postos de traballo prevista pola Dirección Territorial de Correos e Telégrafos nas seccións de repartición do ámbito urbano, en concreto, en Santiago de Compostela, a súa posible incidencia no cumprimento da directiva comunitaria referida á frecuencia e calidade dos servizos postais, así como as previsións do Goberno galego respecto da demanda da revogación desta decisión”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI). E por tanto enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

Nembargantes, e por xestións realizadas co obxecto de poder informar convenientemente desta iniciativa parlamentaria, cómpre sinalar o seguinte:

A citada compañía sustenta a xeración de valor para o seu accionista no cumprimento eficiente da súa misión de servizo público e no mantemento da súa competitividade e rendibilidade empresariais.

A súa representación e xestión corresponde aos seus tres órganos superiores de dirección: o Consello de Administración, a súa Comisión Executiva e o Presidente. A nivel territorial Correos estrutúrase en 7 Direccións de Zona.

De xeito periódico, a sociedade Correos realiza estudos de dimensionamento nas súas unidades, tanto rurais como urbanas, para verificar a adecuación dos cadros de persoal en todo o territorio nacional aos volumes de correspondencia que manexa cada zona de reparto en todo o territorio estatal.

Este tipo de estudos teñen en conta diversos aspectos e factores que poidan incidir na valoración da xestión de reparto.

Correos, en distintas ocasións, ten indicado que os volumes postais teñen experimentado un acusado descenso nos últimos anos, motivado –entre outros factores– polo impacto da crise económica e polo efecto substitución que sobre os servizos postais tradicionais teñen as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O obxectivo de Correos –como ten manifestado de xeito explícito– é enmarcar as accións de reorganización nas necesidades de acción permanente, procurando unha maior adaptación á actividade postal é as cargas de traballo.

En todo caso, agardamos necesario que este plantexamento non supoña en ningún caso discriminación na súa aplicación, con respecto aos que esta compañía poida levar a cabo en calquera outro sitio de España.

Reitérase finalmente que as accións de reorganización na citada sociedade estatal corresponden ao ámbito competencial da administración estatal, non sendo competencia desta Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa ~~pregunta con resposta oral~~ en Comisión **número: 22359**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa reestruturación e recortes previstos no servizo de Correos, en particular nas seccións de repartición, e a garantía do servizo postal público e universal”**, (publicada no BOPG número 282 do 2 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI). E por tanto enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

Nembargantes, e por xestións realizadas co obxecto de poder informar convenientemente desta iniciativa parlamentaria, cómpre sinalar o seguinte:

A citada compañía sustenta a xeración de valor para o seu accionista no cumprimento eficiente da súa misión de servizo público e no mantemento da súa competitividade e rendibilidade empresariais.

A súa representación e xestión corresponde aos seus tres órganos superiores de dirección: o Consello de Administración, a súa Comisión Executiva e o Presidente. A nivel territorial Correos estrutúrase en 7 Direccións de Zona.

De xeito periódico, a sociedade Correos realiza estudos de dimensionamento nas súas unidades, tanto rurais como urbanas, para verificar a adecuación dos cadros de persoal en todo o territorio nacional aos volumes de correspondencia que manexa cada zona de reparto en todo o territorio estatal.

Este tipo de estudos teñen en conta diversos aspectos e factores que poidan incidir na valoración da xestión de reparto.

Correos, en distintas ocasións, ten indicado que os volumes postais teñen experimentado un acusado descenso nos últimos anos, motivado –entre outros factores– polo impacto da crise económica e polo efecto substitución que sobre os servizos postais tradicionais teñen as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O obxectivo de Correos –como ten manifestado de xeito explícito– é enmarcar as accións de reorganización nas necesidades de acción permanente, procurando unha maior adaptación á actividade postal e as cargas de traballo.

En todo caso, agardamos necesario que este plantexamento non supoña en ningún caso discriminación na súa aplicación, con respecto aos que esta compañía poida levar a cabo en calquera outro sitio de España.

Reitérase finalmente que as accións de reorganización na citada sociedade estatal corresponden ao ámbito competencial da administración estatal, non sendo competencia desta Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamento de Galicia


Gonzalo José Rodríguez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22423**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co alleamento de inmobles e peche de oficinas postais previstos pola empresa pública Correos en Galicia, así como para evitar unha ulterior destrución de postos de traballo”**, (publicada no BOPG número 282 do 2 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade, estase a realizar unha labor de racionalización **dos medios materiais de carácter inmobile das administracións públicas** en tódolos niveis das administracións: estatal, autonómica e local. As operacións de venda de inmobles son consecuencia directa deste proceso racionalizador que se iniciou polas distintas administracións.

No caso da administración do Estado o actual goberno, consciente da necesidade de diminución do déficit público, elaborou un documento no que se plasman as distintas medidas para a mellora da eficiencia das administracións públicas. No eido dos medios materiais e, concretamente, en relación cos inmobles, detecta ineficiencias, como a da falta de información precisa e actualizada acerca do número de inmobles, a elevada dispersión das sedes administrativas, os elevados custos dos alugamentos, os reducidos niveis de ocupación e a existencia dunha parte do patrimonio sen utilizar. Unha vez obtidos os datos relevantes sobre os inmobles e a súa utilización, o pleno da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais adoptou a decisión de elaborar un Programa para posta en valor dos activos inmobiliarios do estado, que

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25522

recolle os plans de alleamento de inmobles correspondentes aos principais centros xestores de patrimonio no ámbito estatal.

Este plan inclúe o programa para a posta en valor dos activos inmobiliarios xestionados por sociedades do GRUPO SEPI, entre as que se encontra CORREOS. A Xunta de Galicia non ten ningunha competencia sobre estes inmobles.


A autonomía das administracións na xestión do seu patrimonio inmobiliario é total, garantindo así o exercicio das competencias das que sexa titular e a prestación dos servizos públicos correspondentes.

Do mesmo xeito que a Administración central esta a desenvolver un plan de racionalización dos seus inmobles, esta Comunidade Autónoma tamén está a facer o seu plan de racionalización dos nosos inmobles, reducindo e vendendo os que non precisa para a prestación dos servizos públicos, e poder así inverter os aforros acadados na prestación de servizos que consideramos esenciais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17706**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre **“a elaboración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa de Sanidade, dalgún protocolo de atención ao alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou, se é o caso, as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e OU aprobou en 2011 o Decreto de Atención á Diversidade, dedica todo o capítulo V ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, alumnado entre o que se sitúa o diagnosticado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Froito dun importante traballo para a súa elaboración, no que participaron profesionais educativos e sanitarios, ademais de propiciarse a incorporación das achegas de entidades relacionadas co TDAH, a mediados do mes de xuño de 2014, as consellerías de Cultura e Educación e Sanidade presentaron o primeiro protocolo de ámbito autonómico para avanzar na prevención e atención temperá do TDAH.

Trátase do primeiro protocolo deste tipo que é froito do consenso e que foi elaborado conxuntamente polos servizos educativos e sanitarios, buscando unha intervención integral. O documento sistematiza unha actuación pola que familias, profesorado, servizos de orientación e persoal sanitario terán unha intervención semellante ante a

presenza de persoas con TDAH, facendo fincapé, na atención temperá, na prevención e intervención precoz

O protocolo, que complementa o traballo normativo da Consellería en materia de Atención á Diversidade no ensino, establece o procedemento para o traslado de información entre os sistemas educativo e o sanitario, facilitando unha intervención integral que redunde nunha mellora da atención educativa e da calidade de vida destas persoas.

No documento indicado, que se pon a disposición das comunidades educativas e sanitarias, e da poboación en xeral, realízase unha aproximación ao concepto do TDAH e ás súas principais manifestacións. Igualmente, establécense as principais actuacións a desenvolver pola familia, polo profesorado, polos servizos de orientación e polos servizos sanitarios.

Sen embargo, tal vez o máis importante deste protocolo consiste en que establece o camiño a percorrer desde as primeiras sospeitas e define a liña de comunicación entre os servizos educativos e os sanitarios e viceversa.

A comezos de xullo, o protocolo pode consultarse a través do enlace: [http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion.](http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18063**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre **“o cesamento do director do IES Illa de Arousa”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Con motivo da resposta oral ofrecida na Comisión 4ª do 28 de novembro de 2013 á iniciativa con número de rexistro 14615, deuse cumprida información sobre o expediente aberto ao detectar actuacións contrarias ao establecido na normativa educativa vixente referida a competencias do director/a dun centro educativo e calendario escolar.

Como é coñecido, mesmo polo autor das iniciativas -a raíz doutras respostas escritas-, a Administración educativa, de acordo co regulamento de réxime disciplinario e no exercicio das súas competencias e responsabilidades, resolveu o devandito expediente segundo o establecido para este tipo de procedementos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

18 XULL. 2014

Núm. 25140



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18382**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **“a homologación dos títulos universitarios de Enxeñería Superior ao título de máster”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 18383 e publicada no BOPG número 286 , de data 08/05/2014.

Reiterar, que a Consellería de Cultura, Educación e OU, a través da Secretaría Xeral de Universidades, deu traslado ao Ministerio do acordo unánime dos grupos parlamentarios galegos, adoptado na Comisión 4ª de Educación e Cultura do pasado 20 de marzo de 2014; polo que se lle solicita que se axilice o proceso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e de Relacións Institucionais



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19517**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún estudo do impacto para as familias galegas da aplicación da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa no referido á renovación dos libros de texto para o curso 2014-2015, a realización dalgún informe das vantaxes que supón o sistema de préstamo universal dos libros de texto para garantir a gratuidade do ensino básico obrigatorio e as recomendacións do Defensor do Pobo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Reiteramos a información ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 19516 e publicada no BOPG número 283 , de data 05/05/2014.

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á iniciativa con número 19518 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 8-9/04/2014, onde quedou de manifesto que a Consellería pode aceptar e compartir o espírito das recomendacións da Defensora del Pueblo, se ben o feito de que esta institución fale de preferencia por un sistema non supón a exclusión doutras opcións.

A Administración educativa galega mantén o seu compromiso de axudar na adquisición de libros de texto a quen máis o necesita e, ao mesmo tempo, xa deu pasos para introducir, a partir do próximo curso, a novidade de incorporar unha oferta de material educativo dixital para cumprir o dobre obxectivo de facilitar ás familias o acceso ás TIC e a unha máis doada renovación do material co que estudan os seus fillos.

A Consellería entende que o modelo de acceso aos libros de texto é unha cuestión complexa que afecta ás Administracións educativas, aos centros, ás familias, aos libbreiros e aos editores. Ao tempo que reconece o valor de experiencias xurdidas da propia sociedade, como os bancos de libros das ANPAs, e a necesidade de propiciar que esta solidariedade e esta cooperación poidan estenderse ao conxunto do sistema educativo da nosa comunidade.

Como engadido, lembrar o xa manifestado tamén en reiteradas ocasións: A Administración educativa non fixa nin elixe os libros de texto a empregar, nin no formato impreso nin no dixital. O uso deste material non é obrigatorio e quen decide se hai libros de texto ou non e cales son os que se empregan son os propios centros educativos en cada caso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

Director Xeral de Relacións Institucionais

Parlamento de Galicia

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20916**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da decisión de non ofertarlle ao profesorado en paro a impartición dos cursos Celga, de lingua galega para adultos”**, (publicada no BOPG número 261 do 26 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21595 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 08-09/04/2014, onde quedou de manifesto que, en menos dun mes, a Consellería xa explicara en dúas ocasións anteriores na Comisión 4ª (iniciativas 17734 e 16748) as razóns que levaron a adoptar unha nova estrutura de impartición dos curso de formación en lingua galega para adultos de cara a obtención do certificado Celga.

Sen prexuízo do respecto ás lexítimas reclamacións e demandas interpostas polo colectivo que viña impartindo os cursos Celga ata o presente ano -que se atopan en trámite e pendentes dun pronunciamento xurisdiccional-, a Consellería tivo que asumir a súa a responsabilidade de garantir unha axeitada oferta anual de cursos e probas para a obtención dos certificados Celga. Por tal motivo, e non por outros, na presente convocatoria recorreuse a empregados públicos especializados en lingua e literatura galega que prestan os seus servizos na Administración.

Por tanto, a nova estrutura buscou que os cursos de galego para adultos tivesen en 2014 un cadro estable de docentes e, ao mesmo tempo, cumprir coa condicións xurídicas xurdidas a partir dun conflito laboral -que non lingüístico- que apareceu a finais de

2013, logo de 30 anos sen denuncias oficiais cando se contrataba por servizo aos profesores colaboradores no Celga.


A Xunta respectou en todo momento a normativa vixente que afectaba ao profesorado colaborador para esta oferta formativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo López Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/me

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

18 XULL. 2014

25142



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre **“o calendario previsto para a implantación da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e o seu impacto na comunidade educativa”**, (publicada no BOPG número 261 do 26 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na comparecencia a petición propia con número de rexistro 20490 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 25-26/03/2014, e, con posterioridade, na comparecencia 20491 sometida a debate na Comisión 4ª de data 20/06/2014; ás que nos remitimos por abordar en profundidade o desenvolvemento da nova lexislación educativa.

A Lei orgánica de Mellora da Calidade Educativa, actualmente vixente e de obrigado cumprimento, prevé unha implantación progresiva e gradual. A Consellería xa avanzou a súa intención de afrontar a aplicación e a adaptación da nova lexislación educativa á realidade do ensino galego sen xerar rupturas drásticas e sen renunciar ás competencias propias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Rodríguez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

18 XULL. 2014

NUM. 25143



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21292**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don José Javier Ron Fernández e don Ramón Vázquez Díaz, sobre **“as consecuencias organizativas que vai ter no sistema educativo galego o desenvolvemento da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa en materia de formación profesional básica”**, (publicada no BOPG número 266 do 3 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na comparecencia a petición propia con número de rexistro 20490 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 25-26/03/2014, e, con posterioridade, na comparecencia 20491 sometida a debate na Comisión 4ª de data 20/06/2014; ás que nos remitimos por abordar en profundidade o desenvolvemento da nova lexislación educativa.

A Consellería xa avanzou a súa intención de afrontar a aplicación e a adaptación da nova Lei orgánica de Mellora da Calidade Educativa á realidade do ensino galego sen xerar rupturas drásticas e sen renunciar ás competencias propias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordoñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21557**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solucionar a problemática laboral do profesorado que viña impartindo os cursos Celga de galego para adultos”**, (publicada no BOPG número 269 do 9 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21595 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 08-09/04/2014, onde quedou de manifesto que, en menos dun mes, a Consellería xa explicara en dúas ocasións anteriores na Comisión 4ª (iniciativas 17734 e 16748) as razóns que levaron a adoptar unha nova estrutura de impartición dos curso de formación en lingua galega para adultos de cara a obtención do certificado Celga.

Sen prexuízo do respecto ás lexítimas reclamacións e demandas interpostas polo colectivo que viña impartindo os cursos Celga ata o presente ano -que se atopan en trámite e pendentes dun pronunciamento xurisdiccional-, a Consellería tivo que asumir a súa a responsabilidade de garantir unha axeitada oferta anual de cursos e probas para a obtención dos certificados Celga. Por tal motivo, e non por outros, na presente convocatoria recorreuse a empregados públicos especializados en lingua e literatura galega que prestan os seus servizos na Administración.

Por tanto, a nova estrutura buscou que os cursos de galego para adultos tivesen en 2014 un cadro estable de docentes e, ao mesmo tempo, cumprir coa condicións xurídicas xurdidas a partir dun conflito laboral –que non lingüístico— que apareceu a finais de

2013, logo de 30 anos sen denuncias oficiais cando se contrataba por servizo aos profesores colaboradores no Celga.

A Xunta respectou en todo momento a normativa vixente que afectaba ao profesorado colaborador para esta oferta formativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego en relación co cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, en particular a presentación no Parlamento de Galicia da información ao respecto”**, (publicada no BOPG número 277 do 23 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, nomeadamente, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece á Cámara galega diversa información, tanto a petición propia como a petición dos grupos parlamentarios, respecto das accións e da política lingüística que se está a desenvolver en Galicia.

Así se fixo, entre outras ocasións, na comparecencia a petición propia que tivo lugar na Comisión 4ª do 05/06/2014, a cargo do secretario xeral de Política Lingüística para explicar a actualidade na situación lingüística e as actividades de promoción e dinamización da lingua galega, entre outros asuntos.

Como é coñecido e tal e como queda de manifesto en reiteradas intervencións públicas e no propio Parlamento, a política lingüística que está a realizar a Xunta de Galicia parte do convencemento de que o galego é útil en calquera ámbito e para todas as funcións, así como da vontade política de crear actitudes positivas cara á lingua.

O Goberno galego está a aplicar unha política lingüística fundamentada no mandato legal derivado do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística, ao tempo que


toma como referencia o Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNLG) aprobado pola Cámara galega no 2004.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, PARLAMENTO DE GALICIA
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/inc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23097**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto de implantación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos na especialidade de Lingua Inglesa no Instituto de Educación Secundaria Lama das Quendas, no concello de Chantada, e os trámites que está a levar a cabo para ese fin"**, (publicada no BOPG número 291 do 15 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 17546 e debatida na Comisión 4ª de data 07/03/2014 e tamén á iniciativa 17547 formulada no Pleno da Cámara galega 10-11/06/2014; respostas nas que a Consellería lembrou os criterios precisos para a apertura dunha sección e ofreceu os datos da oferta de prazas dispoñibles na propia Escola Oficial de Idiomas de Monforte e noutras próximas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Rodríguez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23615**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a actuación levada a cabo polo Goberno galego en relación coa oferta de cursos Celga de galego para adultos e as razóns da exclusión do profesorado avaliador das persoas que tiñan realizado o correspondente curso de preparación, así como a composición e persoas que integran a Comisión Central de Avaliación”**, (publicada no BOPG número 297 do 28 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21595 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 08-09/04/2014, onde quedou de manifesto que, en menos dun mes, a Consellería xa explicara en dúas ocasións anteriores na Comisión 4ª (iniciativas 17734 e 16748) as razóns que levaron a adoptar unha nova estrutura de impartición dos curso de formación en lingua galega para adultos de cara a obtención do certificado Celga.

Neste contexto, sen prexuízo do respecto ás lexítimas reclamacións e demandas interpostas polo colectivo que viña impartindo os cursos Celga ata o presente ano- que se atopan en trámite e pendentes dun pronunciamento xurisdiccional-, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria . a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), tivo que asumir a súa responsabilidade de garantir unha axeitada oferta anual de cursos e probas para a obtención dos certificados Celga. Por tal motivo, e non por outros, na presente convocatoria recorreuse a empregados públicos

especializados en lingua e literatura galega que prestan os seus servizos na Administración.

A nova estrutura buscou que os cursos de galego para adultos tivesen en 2014 un cadro estable de persoal e, ao mesmo tempo, que cumprise coas condicións xurídicas xurdidas a partir dun conflito laboral –que non lingüístico— que apareceu a finais de 2013, logo de 30 anos sen denuncias oficiais cando se contrataba por servizo aos profesores colaboradores no ensino de galego para adultos.

A Xunta respectou en todo momento a normativa vixente que afectaba ao profesorado colaborador para esta oferta formativa.

Polo que se refire aos avaliadores/as das probas para a obtención dos certificados de Lingua galega nos seu diferentes niveis (1,2,3,e 4) convocadas para este ano pola Resolución do 6 de marzo de 2014, (DOG número 48, do 11 de marzo) as premisas das que se partiu para o seu nomeamento foron na mesma liña do exposto con carácter xeral para o profesorado que impartiu os cursos Celga na convocatoria deste ano. Así pois, ante o conflito laboral xurdido no profesorado colaborador que ata o presente ano impartía os cursos e dado que están pendentes as resolucións xudiciais en curso, decidiuse que os nomeamentos do persoal avaliador das probas deste ano recaesen na súa integridade en persoal propio da Xunta de Galicia para manter un criterio de prudencia e de respecto á seguridade xurídica. Débese matizar que, ademais, unha parte destes avaliadores/as sempre foron traballadores da administración pública.

De acordo co previsto no artigo 5 da Orde de 16 do xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega (Celga) (DOG nº 146 do 30 de xullo de 2007) modificada na actualidade pola Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 10 de febreiro de 2014, correspóndelle á Secretaría Xeral de Política Lingüística nomear aos membros da Comisión Central de Avaliación das probas Celga, que terá unha vixencia anual.

Para a presente convocatoria, o secretario xeral de Política Lingüística nomeou aos membros que integran a devandita comisión mediante Resolución do 27 de febreiro de 2014. En calidade de presidenta foi nomeada a subdirectora xeral de Política Lingüística,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

en calidade de secretario un funcionario da SXPL e como vogais cinco profesionais do ámbito da filoloxía galega que exercen as súas funcións como lingüistas e/ou asesores docentes na administración pública.

A Comisión, como vén sendo habitual, realiza as funcións previstas no artigo 5º da Orde Celga, e por iso, avalía as probas que lle correspondan. Ao referido órgano tamén lle corresponde elevar ao titular da SXPL a proposta das persoas integrantes das comisións sectoriais de avaliación para cada certificado ou nivel de coñecemento da lingua galega (1,2,3 e 4). As comisións sectoriais estarán compostas cando menos polo presidente/a, secretario/a e tres vogais. Segundo o número de candidatos que opten ás probas de cada certificado, poderán designarse ademais avaliadores auxiliares.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/inc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Francisco Manuel Caamaño Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a existencia dalgún informe de Patrimonio autorizando a demolición das antigas naves industriais do Barrio dos Cataláns prevista no proxecto de rexeneración ambiental da Xunqueira e da praia do Areal, no concello da Pobra do Caramiñal, e as razóns polas que se considera incompatible a súa conservación e rehabilitación coa execución do proxecto”**, (publicada no BOPG número 299 do 4 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia traballa de xeito habitual en plena colaboración coas demais Administracións públicas con responsabilidades na materia, así como cos propietarios dos bens, na consecución do obxectivo común de velar pola garantía da protección, conservación e enriquecemento do patrimonio cultural e natural de Galicia, emitindo aqueles informes que sexan preceptivos ao abeiro da lexislación vixente en relación cos plans, proxectos ou programas promovidos por outras Administracións.

Neste sentido, no exercicio das respectivas competencias e responsabilidades que as mesmas teñen atribuídas e no marco do desenvolvemento dos procedementos administrativos, autorizatorios e de información que sexan pertinentes, a Xunta de Galicia velará, como ben sendo habitual, pola correcta protección do patrimonio cultural e natural, adoptando as solucións conxuntas ou, no seu caso, aquelas medidas ou cautelas que se estimen máis acaídas, para tratar de garantir a máxima integración e

compatibilidade das intervencións deseñadas co mantemento dos valores culturais e naturais asociados a este espazo, nomeadamente daqueles bens que contén con algún tipo de protección ao abeiro das figuras normativas ou de planeamento vixentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a presenza dun campamento militar no recinto dun centro de ensino de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 302 do 10 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa suposta instalación dun campamento dunha patrulla pertencente á Brigada de Infantería Lixeira Aerotransportable ‘Galicia’ VII (BRILAT) no patio do CIFP A Xunqueira de Pontevedra, o primeiro que hai que sinalar é que, segundo a información facilitada pola propia Dirección do centro, foi autorizada pola mesma a instalación de tres tendas de campaña (dos vestiarios e unha ducha) para uso duns militares que ían cruzar a nado o río Lérez.

Esta actividade estivo enmarcada no ‘XIII concurso de patrullas militares Tui-Santiago’, que promoveu a BRILAT a e consistiu en percorrer o Camiño Portugués, un total de 120 quilómetros en 36 horas enfrontándose polo camiño a diversas probas.

Tratouse dunha proba deportiva e non dunha actividade militar e as tendas, instaladas detrás da cafetería e sen afectar á actividade formativa do centro, foron montadas ás 10.30 horas e desmontadas ás 23.00 horas do mesmo día 27 de maio.

O Claustro foi informado en abril da solicitude desta actividade e, con posterioridade, o Consello Social, nunha convocatoria urxente, aprobou a actividade.


O CIFP A Xunqueira de Pontevedra ten colaborado con outras institucións, organizacións e asociacións, de xeito que, cando llo solicitan e as actividades non afectan ao funcionamento do centro, cede o uso das súas instalacións –aulas e campos deportivos– por exemplo, ao CFR, Club Pontevedra Roller Derby, sindicatos, etc.

Ha que lembrar que os centros teñen recoñecida a súa autonomía e que, concretamente, os CIFP só imparten formación profesional e que o 90 por cento do alumnado é maior de 16 anos. Asemade, o director ou directora dun CIFP é o encargado de dirixir e coordinar as actividades do centro e dispor da súa representación, tal e como se establece na normativa que regula este tipo de centros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23968**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a actuación prevista pola Xunta de Galicia en relación co expediente sancionador aberto a un alumno do Instituto de Educación Secundaria Breame de Pontedeume pola súa participación na campaña de solidariedade posta en marcha polo xuízo contra catro activistas da defensa do idioma galego”**, (publicada no BOPG número 304 do 18 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia regulou as normas básicas de convivencia nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos coa aprobación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A Lei establece as normas básicas de convivencia nos centros docentes, tipifica as condutas contrarias á convivencia e as medidas correctoras, e regula o procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia.

Corresponde aos centros educativos a imposición ao alumnado de medidas correctoras de condutas contrarias ás normas de convivencia. De acordo cos principios xerais da devandita normativa, as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

O centro educativo, no uso da súa competencia, aplicou a normativa con todas as garantías legais para o alumno. A Lei 4/2011, no seu artigo 25.8, establece que a resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva, e regula a revisión da resolución ante Consello Escolar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O director Xefado de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16669**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da retirada do borrador de decreto que regula as denominadas áreas de xestión clínica e a convocatoria da mesa sectorial para a negociación do modelo de xestión”**, (publicada no BOPG número 226 do 21 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 36/2014, do 20 de marzo, polo que se regulan ás áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde foi publicado no DOG número 57 do 24 de marzo de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a aplicación do contraste iodado aos doentes do HULA”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos hospitais do Sergas non se detectou un aumento de reaccións adversas a contrastes radiolóxicos.

En calquera caso, sempre que hai unha sospeita de reacción adversa a un fármaco comunícaselle ao sistema de farmacovixilancia por si fora necesaria a inmovilización dalgún lote.

Sempre que se produce un posible evento adverso relacionado coa asistencia sanitaria comunícaselle ao rexistro Sinasp para o seu estudo posterior.

Polo tanto, se se detecta un aumento en reaccións adversas a contrastes radiolóxicos, o sistema sanitario ten dispositivos de alerta suficientes para facer seguimento de todos os posibles casos.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA


29 XULL. 2014

Núm.**25431**.....

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17038**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre **“a destrución de emprego no sector dos autónomos”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, debemos ter que en conta que o dato que se sinala no texto da iniciativa, de 50 autónomos menos no ano 2013, é un dato que se obtén si collemos a media mensual, en cambio si observamos o dato ao final de cada mes a situación cambia. Así, collendo os datos do último día do mes, o 2013 pechouse con 214.446 autónomos, fronte aos 214.440 traballadores autónomos do 2012.

A variación no número de autónomos provén do descenso no sistema especial de autónomos de traballadores agrarios, mentres que no réxime especial de autónomos prodúcese un incremento de case o 1%.

Estas cifras fan que no 2013 se invirta a tendencia de perda de autónomos en Galicia, posto que o 2013 é o primeiro ano, desde o inicio da crise económica, que remata con máis autónomos dos que había a principios de ano.

A Consellería de Traballo e Benestar mantén un compromiso firme e decidido cos emprendedores e autónomos de Galicia, por iso nos orzamentos deste ano se volve a blindar o presuposto destinado ao emprendemento e ao traballo autónomo, con 25 millóns de euros.

Do mesmo xeito que se continúa financiando a contratación indefinida de traballadores por parte dun autónomos, non só a primeira contratación senón tamén a segunda e a terceira.


Ademais, este ano por primeira vez publicouse unha Orde específica para autónomos menores de 30 anos, que conta con 9 millóns de euros para os próximos dous anos.”

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. <u>25523</u>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17338**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona María Consuelo Martínez García, sobre **“os termos do novo concerto sanitario co hospital Povisa, de Vigo”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas e o centro hospitalario Povisa asinaron un acordo que recolle a conformidade coa redacción dos pregos que rexeran o novo concerto. Un concerto base capítativa, que establece unha cápita de 540 euros e que terá vixencia durante 8 anos, prorrogables por dous máis.

Comézase así o trámite administrativo necesario que culminará coa firma do concerto.

Un concerto que garantirá a estabilidade do centro Hospitalario Povisa, e permitirá a libre elección para a súa poboación de referencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director Xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo Lema Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17449**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao peche de quirófanos durante o Nadal de 2013 no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as súas consecuencias nas listas de espera”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“O sábado 4 de xaneiro de 2014 as 15:48 horas o sistema de xestión de instalacións mostrou unha alarma por fallo de funcionamento nun equipo de extracción de aire, que ten como función extraer o aire do quirófano 3 e da zona de entrada dos quirófanos 2 e 3.

Persoal técnico desprazouse ata o local onde están emprazadas as unidades de extracción e comprobou que a correa do ventilador do antedito equipo estaba rota, procedeu a súa substitución e posteriormente comprobou o funcionamento correcto do ventilador.

A reparación realizada foi documentada, xerando a correspondente orde de traballo de correctivo.

Debido a este fallo detectouse lixo nas rexas de extracción, procedente da roupa que se utiliza no quirófano, tanto vestimenta como material estéril e non estéril. Este lixo proviña do conduto de extracción e retornou ao interior debido á sobrepresión que había na sala das unidades extractoras, provocada polo forte vento que padecemos ese día.

O equipo de impulsión de aire non parou en ningún momento.



Cando se detectou a entrada de lixo bloqueouse o quirófano ata que Medicina Preventiva valorase a situación.

Non houbo que pechar ningún quirófano xa que non había actividade programada. Unha vez valorado o asunto por Medicina Preventiva activouse o protocolo de mantemento preventivo de seguridade medioambiental nos quirófanos afectados e unha vez rematado tomáronse mostras para comprobar se era posible volver a programar actividade.

O luns 13 de xaneiro comprobouse que o resultado da mostraxe realizada era negativo polo que se volveu a programar actividade.

Non houbo ningunha incidencia nas listas de espera.

O persoal da quenda de tarde da empresa UTE CHUS Servizos Enerxéticos foi quen detectou e solucionou o problema tal como se recolle no punto 1.

Non houbo situación de perigo xa que non se estaba traballando nos quirófanos afectados, estaban sen actividade programada para esa semana.

A rotura da correa puido ser debida a unha anomalía de fabricación xa que hai constancia de que se cambiou a correa deste mesmo equipo o día 20 de decembro de 2013, nunha revisión de mantemento preventivo.

O contrato adxudicouse á empresa UTE CHUS Servizos Enerxéticos e como tal responde.

Informouse no mesmo momento de decatarnos do problema. A Supervisora da unidade alertou á responsable de área da incidencia e esta informou á Dirección e Xerencia do CHUS.


Como sempre, no mesmo momento de detectar a incidencia informouse á Xerencia do CHUS e máis ao Servizo de Medicina Preventiva.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



É evidente que nun centro sanitario, debido á complexidade das instalacións de climatización, prodúcense avarías que poden derivar en paradas de equipos destas características.

Non corresponde penalización xa que a empresa actuou conforme ao establecido no contrato.

Os criterios de adxudicación do contrato foron os seguintes:

CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, de 0 a 40 puntos:

- Proxecto técnico de 0 a 10 puntos
- Subministro enerxético prestacional de 0 a 10 puntos
- Alcance e calidade do servizo de mantemento de 0 a 10 puntos
- Melloras propostas de 0 a 10 puntos

PRECIO MÁXIMO ANUAL, de 0 a 60 puntos:

- Prezo do subministro enerxético prestacional de 0 a 45 puntos
- Prezo do mantemento de 0 a 15 puntos

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“as datas previstas para o inicio e execución das obras, así como a posta en funcionamento do novo centro de saúde de Tui, os datos referidos ao seu financiamento, así como o plan de usos e a dotación que vai ter”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A obra de construción do centro de saúde de Tui enmárcase na execución do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013. Realizarase nunha parcela cedida polo concello, e conta cun orzamento para a súa licitación de 4.838.465 euros e un prazo previsto de execución de 17 meses.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega prestará servizos a unha poboación de máis de 18.000 persoas.

Terá unha superficie construída de máis de 3.500 metros cadrados e, segundo consta no proxecto, contará con:

- 22 consultas na área de medicina xeral
- 4 consultas na área de pediatría
- Área destinada a matrona e educación maternal
- Área de odontoloxía
- Área de fisioterapia
- Salas polivalentes.
- Área de administración: arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Ademais conta cun Punto de Atención Continuada, con zona de consultas e de observación.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. <u>25507</u>

A licitación publicouse no DOG Núm. 65 do xoves 3 de abril de 2014, a través da RESOLUCIÓN do 2 de abril de 2014, da Dirección Xeral de Recursos Económicos, pola que se anuncia a licitación polo trámite ordinario, procedemento aberto multicriterio e contratación documentalmente simplificada da obra de construción dun centro de saúde en Tui (Pontevedra), cofinanciada ao 80 % polo programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 6, tema prioritario 76.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a posible perda por Galicia dos fondos correspondentes a plans europeos cunha temporalidade definida ata o ano 2013 e destinados a novas infraestruturas e adquisición de nova tecnoloxía, os investimentos da Consellería de Sanidade comprometidos polo remate dos prazos e as solucións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O prazo de execución de financiamento procedente de Fondos Tecnolóxicos-Feder está prorrogado ata finais do 2015.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O Director xeral de Relacións Institucionais

Dña. María Acuña



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. 25502



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17553**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e varios/as deputados/as máis, sobre **“o alcance e os efectos na asistencia sanitaria a persoas residentes no estranxeiro da emenda incorporada á Lei de orzamentos do Estado para 2014”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Todo español que regrese a España, de forma temporal ou definitiva, e non poida exportar o dereito á asistencia sanitaria polo seu país de procedencia ao non ser asegurado/beneficiario dese país, recuperararía a asistencia sanitaria en España de forma automática, unicamente comunicando a súa solicitude ao INSS.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. 25495

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

30 XULL. 2014

S A I D A

Num. 2002

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17555**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e varios/as deputados/as máis, sobre **“os resultados da posta en marcha do novo servizo de consulta telefónica aos pacientes polo seu médico de familia e a valoración ao respecto”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde ampliará, a partir do día 10 de marzo, a consulta telefónica a todos os profesionais de Atención Primaria: pediatría, matronas, enfermería e traballo social.

Esta modalidade non presencial, que xa está en marcha para as consultas dos médicos de cabeceira, ten por obxectivo mellorar a atención prestada aos cidadáns, para os que supón:

- Favorecer a accesibilidade dos cidadáns ante un proceso novo: problema de saúde, xestión de receitas, informes...
- Diminúe os tempos de espera
- Evita desprazamentos innecesarios
- Favorece a conciliación familiar e laboral

Ademais, permite axilizar as consultas de atención primaria, conservando a mesma capacidade de resposta na asistencia e diminuíndo as interrupcións da consulta por chamadas non programadas dos pacientes.

Esta modalidade de consulta púxose en marcha o 2 de decembro do pasado ano para os médicos de familia en todos os centros de saúde do Servizo Galego de Saúde.

Dende entón realizáronse 116.000 consultas telefónicas, o que supón o 5,5% do total. A día de hoxe unhas 3.000 persoas utilizan a cita telefónica e este servizo aumenta día a día.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25495

A consulta telefónica consiste en ofrecer a posibilidade, a elección do paciente, de realizar a atención sanitaria por medio do teléfono a quen solicite unha consulta.

Se o paciente elixe esta modalidade de atención solicítaselle un número de teléfono onde quere recibir a consulta.

O médico ponse en contacto co paciente no número indicado para atendelo, deixando rexistrados os datos na historia clínica electrónica.

Ademais, se o facultativo o considera axeitado, poderá realizar a correspondente prescrición a través da receita electrónica, o que permite ao paciente acudir directamente á farmacia a recoller os medicamentos.

Isto é posible grazas aos sistemas de información existentes no Servizo Galego de Saúde, que integran a información de atención primaria e hospitalaria e que están conectados a todas as oficinas de farmacia.

Se o médico considera durante a atención telefónica que o motivo da consulta non pode ser resolto por teléfono, proporcionáselle ao paciente unha cita para atención presencial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17562**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Santalices Vieira e varios/as deputados/as máis, sobre **“o contido, o desenvolvemento e os resultados das iniciativas de promoción e prevención da saúde que está a levar a cabo a Consellería de Sanidade a través das redes sociais”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O obxecto da contratación é a realización de campañas de protección e promoción da saúde: prevención do consumo de alcohol, promoción de doazón de sangue e órganos, prevención de enfermidades e, en xeral, campañas de promoción da saúde e información sanitaria.

O prazo de execución é de 2 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17575**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o impacto nas entidades sen ánimo de lucro do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo no réxime”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O ámbito de aplicación da Carteira de Servizos Sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia regúlase no artigo 3 e alcanza por igual a todas as entidades, públicas ou privadas, recoñecidas polo órgano competente da Administración Xeral da Comunidade Autónoma para a prestación destes servizos.

Os beneficios desta carteira son os mesmos para todos os seus destinatarios. Non ten uns efectos para unhas entidades e outro para outras. Todo o contrario, as entidades teñen agora a posibilidade de rexistrar estes servizos, obtendo un recoñecemento normativo a través do Decreto 149/2013 de 5 de setembro.

Concretamente, no ámbito da discapacidade había moitas entidades que desenvolvían programas aos que agora se lle dá entidade de servizo, especialmente no ámbito da promoción da autonomía persoal e da prevención da dependencia.

Por outra banda, os destinatarios destes servizos poden agora recibir unha libranza vinculada (prestación económica) que lles axude a financiar o servizo, algo que non era posible ata a publicación deste Decreto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25540

No que se refire á entidade San Francisco (AGASFRA), non é certo que reciba desta Administración un importe menor por praza do que recibía ata 2013. Todo o contrario, o custe por praza incrementase. Así, na atención residencial San Francisco recibía por convenio 1.882 euros ao mes en 30 prazas residenciais e 1.414 euros ao mes. Co contrato asinado recibe por cada unha destas prazas (das 63) 2.015 euros ao mes. Do mesmo xeito que na atención diúrna recibía por convenio 828 euros ao mes e agora recibe, no marco do actual contrato, 1.220 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17659**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as repercusións da redistribución asistencial anunciada pola Consellería de Sanidade na unidade de transplante renal da Coruña, e, en concreto, para os doentes de Pontevedra e o Salnés”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2011, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non haberá ningún cambio no que se refire á unidade de transplante renal da Coruña. Os pacientes referidos tampouco terán ningún cambio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17747**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os criterios seguidos pola Consellería de Traballo e Benestar para a valoración e denegación da solicitude de adopción dun menor a unha parella homoparental galega, os datos referidos á tramitación deste tipo de solicitudes entre os anos 2008 e 2013, así como os requisitos esixidos e os trámites necesarios para a concesión do certificado de idoneidade, e os outorgados en Galicia”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar debemos ter en conta que estamos a falar dun expediente particular do que, seguindo a Lei de Protección de Datos, a Xunta non se poden facilitar datos persoais.

A nosa Comunidade conta, desde o ano 2011, cunha Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recoñece calquera forma de convivencia como familia. Así mesmo, a Lei 3/2011 establece como principio reitor o respecto á liberdade de organización da vida familiar e da convivencia no respecto á dignidade e os dereitos esenciais das persoas que integran a familia.

Entre 2008 e 2013, foron 11 as parellas homoparentais que solicitaron a valoración de idoneidade para adoptar. Delas, 7 foron valoradas idóneas.

O protocolo a seguir para a valoración de idoneidade atópase recollido no Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na sección quinta do capítulo IV do Título II.

En canto á metodoloxía técnica para a valoración, séguese o *Manual para Intervencións Profesionais en Adopción, Valoración de Idoneidad para la Asignación de Menores a Familias*, publicado en 2007 polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

As persoas interesadas dispoñen da información recollida no Decreto é tamén no Portal Galego de Adopcións, portal web posto en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar precisamente co fin de ofrecer ás persoas interesadas toda a información que precisan sobre o proceso adoptivo.

Polo que respecta ao proceso de valoración, no portal web recóllese toda a información ao respecto, sempre tendo en conta que os criterios empregados no protocolo de valoración son obxectivos e profesionais.

Respecto das familias monoparentais, podemos estimar que unhas 440 obtiveron certificado de idoneidade para adoptar entre 2008 e 2013.

Desde 2008, veñen desenvolvéndose de forma ininterrompida as sesións de formación para a adopción, nunha ou dúas sesións semanais (segundo o número de persoas interesadas).

Calquera persoa interesada pode acudir a estas sesións formativas, sen necesidade de cumprir máis requisito que o de inscribirse previamente.

Polo tanto, tanto as persoas que desexan iniciar un proceso de adopción, como as que xa o iniciaron e están en período de espera de recibir unha asignación, como as declaradas no seu día non idóneas e que desexen volver a iniciar un proceso, poden realizar esta formación proporcionada por psicólogos e traballadores sociais do equipo de adopción da Consellería de Traballo e Benestar.

En relación cos requisitos económicos, enténdese por estes as condicións que acrediten a capacidade económica da familia para atender adecuadamente, na actualidade e no futuro, as necesidades derivadas da crianza e educación do neno ou nenos aos que se dirixe o ofrecemento de adopción, tendo en conta as súas peculiaridades (número de irmáns, idade, condicións de saúde, etc) así como o contexto familiar e social da familia que, de ser o caso, poida reforzar ou debilitar dita capacidade.

A capacidade económica valórase tendo en conta unicamente información oficial que acredite ingresos e bens.

En Galicia non existe ningunha limitación ou restrición, nin normativa nin na práctica, para acceder á adopción en función da condición sexual das persoas interesadas. Son os



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. **25533**

diferentes Estados soberanos os que, facendo uso das súas potestades, limitan o acceso á adopción das persoas homosexuais, ben sexa prohibíndoo directamente, ben sexa na práctica, relegando as solicitudes de parellas homosexuais á hora de asignar un menor a unha familia. Actualmente, só algún estado do Brasil e México-Distrito Federal admiten abertamente a adopción por homosexuais.

En Galicia temos constancia dun caso de adopción internacional por unha parella homosexual, concretamente en Brasil.

A Consellería de Traballo e Benestar realiza intervencións sempre que se detecta un posible caso de maltrato ou desatención cara un neno ou nena que resida ou se atope transitoriamente en Galicia, independentemente de cal sexa a súa condición.

Os sistemas de tratamento de información empregados para a xestión dos expedientes de protección de menores non contemplan a condición sexual dos pais como unha das variables, polo que non é posible ofrecer o dato de cantas intervencións se referían a fillos de parellas heterosexuais ou homosexuais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17831**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“o impacto na contratación do aumento das cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadores autónomas, aprobado no Real decreto lei 16/2013, e as previsión do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da rectificación desta medida”**, (publicada no BOPG número 231 do 5 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central subiu a cotización dos autónomos que teñan contratados a dez ou máis traballadores, sendo neste caso a base mínima de cotización de igual contía que para un traballador encadrado no Grupo I de cotización do Réxime Xeral da Seguridade Social. Hai que ter en conta que coa base anterior podería haber asalariados a cargo dun autónomo que cotizaran en maior contía que o propio autónomo.

Nesta liña, hai que salientar que unha maior cotización por parte deste colectivo tamén mellora as pensións futuras.

Dende a Xunta de Galicia, entendemos que esta situación non vai afectar a futuras contratacións, xa que as empresas procederán a contratar traballadores sempre e cando os necesiten para a labor e o crecemento da propia empresa. Debemos ter en conta que a suba da cotización concéntrase exclusivamente no autónomo que contrata, pero non nos traballadores contratados que non modifican a súa cotización.

Por outra banda, a Xunta de Galicia leva desde o ano 2009 apoiando de forma decidida aos traballadores autónomos e aos emprendedores. Boa mostra disto é que a Consellería de Traballo e Benestar dedica nos orzamentos deste ano 25 millóns de euros aos traballadores por conta propia e á creación de novos proxectos de negocio na nosa Comunidade



Un apoio que, ademais, a Consellería de Traballo e Benestar vén de incrementar no caso concreto das persoas mozas para incentivar, aínda máis, que se animen a emprender unha idea propia. Para eles, introdúcese unha medida novidosa, por primeira vez os mozos e mozas menores de 30 anos que se constitúan como autónomos, e cuxa actividade non supoña unha forte inversión, recibirán 1.200 euros.

Esta medida está contemplada no Plan de Emprego Xuvenil, que ten como obxectivo mellorar as oportunidades de acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo ~~Jose~~ Ordoñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17839**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as consecuencias da nova baremación das prestacións por dependencia”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, debemos ter en conta que todas as medidas adoptadas en relación co sistema de dependencia acordáronse no Consello Territorial da Dependencia do 10 de xullo de 2012, e atópanse publicadas no BOE do 3 de agosto de 2013.

Gran parte destas medidas, coas que se pretende garantir a sostibilidade do sistema de dependencia, recolléronse no Real Decreto Lei 20/2012 e seguiron desenvolvéndose no Real Decreto publicado o pasado 31 de decembro. A Xunta, polo tanto, ao igual que o resto das Comunidades Autónomas, está obrigada a aplicar a normativa.

Un dos principais cambios introducidos foi a modificación do sistema de graos que elimina a anterior división en niveis, quedando así establecidos unicamente tres graos de dependencia. Outra das novidades foi o cambio no sistema para calcular as contías das prestacións a dependentes, que deixa de tomar coma referencia o Iprem para aplicar unha fórmula matemática máis progresiva.

Nesta liña, a Xunta aprobou unha orde coa finalidade de adaptar a normativa galega aos criterios fixados no decreto estatal, que fixa para 2014 as contías máximas para cada tipo de libranza tendo en conta só o grao recoñecido.

Cómpre lembrar tamén que a Xunta está a cumprir coas súas obrigas derivadas da Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, aportando, incluso, máis orzamento do que lle correspondería. Nesta liña, este Goberno ten incrementado a atención ás persoas con dependencia en Galicia nun 451% dende 2009.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25541

En relación cos recursos humanos e técnicos, a xestión dos expedientes do procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia en todas as súas fases administrativas, esta realízase co persoal dos Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal, que dependen funcional e organicamente das distintas Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordoñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 17855, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre “**a modificación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal -065- por parte da Consellería de Traballo e Benestar**”, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, convén deixar claro que non se levou a cabo ningún desmantelamento do 065, este Goberno o que fixo foi revisar o servizo xa que precisaba de melloras. Así, aproveitouse a finalización do contrato coas empresas transportistas para cambiar o modelo e convertelo nun servizo máis eficiente, capaz de garantir a atención ás persoas con discapacidade e de chegar a un maior número de usuarios.

Por iso, optouse por dividir o transporte en dúas modalidades distintas: o de carácter puntual -o propio 065-; e o transporte regular de cada centro, que pasa a prestar cada instalación (centro de día de dependencia, de persoas con discapacidade...) pero con financiamento da Xunta. Deste xeito, garántese unha maior eficacia de cara aos usuarios. Con este sistema, todas as persoas con dereito adquirido seguen sendo atendidas e mantense a gratuidade do 065, homoxeinízase o servizo de transporte regular e apóiase as entidades con discapacidade.

Non hai ningún desmantelamento do transporte adaptado, que, na súa modalidade regular e puntual, conta co mesmo orzamento do ano pasado, preto de 13 millóns de euros.

Precisamente porque este Goberno considera fundamental garantir a mobilidade ás persoas con maiores dificultades asegura mediante esta configuración do servizo, que todas as persoas con discapacidade e/ou dependentes, que teñan imposibilidade de

utilizar o transporte público colectivo, teñan garantida a súa posibilidade de poder desprazarse aos servizos que precisen e cando o precisen.

Esta adaptación do modelo existente permite, tendo en conta as necesidades dos usuarios, que todas as persoas con discapacidade ou dependentes, e de acordo coa normativa de acceso correspondente, poidan acceder en condicións de igualdade a un servizo eficaz, eficiente, que satisfaga as necesidades do colectivo e mellore a asignación de recursos.

En definitiva, non hai ningún desmantelamento e, polo tanto, non se coñecen cales son os argumentos nos que se basea a pregunta para falar de despedimentos. Nesta liña, cómpre sinalar que a prestación do servizo realízase por empresas concesionarias estando dita prestación suxeita á normativa de contratación pública.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17878**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as consecuencias da privatización dos servizos de electromedicina no sistema sanitario público galego”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se informou no Parlamento, o contrato de mantemento integral –preventivo e correctivo- do equipamento electromédico dos centros do Sergas permitirá un aforro respecto do gasto previsto, logo da licitación, de 6,5 millóns de euros para o período comprendido entre a data de formalización do contrato –xuño do pasado ano- e a de finalización, en novembro de 2016.

O obxectivo é conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible, e da forma máis eficaz e eficiente a longo prazo, para prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso, mantendo sempre os parámetros de seguridade.

Ademais, o servizo tamén persegue acadar unha xestión óptima deste equipamento e asegurar a súa trazabilidade e actualización do inventario, sobre todo na situación económica actual e dado o estado desigual de obsolescencia do equipamento instalado nos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

No momento de preparar o expediente existía unha gran variabilidade nas fórmulas de xestión e contratación do mantemento deste tipo de equipamento, ademais de moito equipamento sobre o que se efectuaban directamente as reparacións necesarias mediante o servizo de asistencia técnica da empresa, sempre moito máis caro que a asistencia preventiva.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25510

Resulta imprescindible regular de forma centralizada os requisitos para a contratación dos servizos de mantemento, estandarizando o alcance e o contido dos contratos nos distintos centros, procurando as mellores condicións económicas e técnicas e a máxima eficiencia na súa xestión para o conxunto do Sergas.

Mantéñense reunións periódicas coa empresa para analizar o estado do servizo en todos os lotes, identificar as incidencias máis significativas e establecer cando é necesario prazos e accións correctoras.

Ademais de conseguir un proceso de mantemento integral, ordenado e homoxéneo para todos os centros do Sergas, os profesionais do Sergas, coma sempre en todos os contratos, teñen a obriga da xestión e do control do mesmo en todos os seus termos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18007**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“o proceso de privatización da área de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Administración sanitaria galega está a transformar o modelo tradicional de subministración de enerxía eléctrica e combustibles nun modelo prestacional, con requirimentos de calidade térmica ambiental, de iluminación, e de calidade do aire interior.

Un modelo no que o adxudicatario deberá garantir actuacións de mellora nas instalacións e responsabilizarse do seu mantemento, co obxecto de acadar un aforro enerxético mínimo dun 20%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Conzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18133**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“o número de pacientes con hepatite C, en grao de fibrose moderada, que están recibindo tratamento cos fármacos Boceprevir e Telaprevir”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con data 28 de febreiro de 2012, publicou o informe de posicionamento terapéutico denominado **‘Criterios y Recomendaciones generales para el tratamiento con boceprevir y telaprevir de la hepatitis crónica C (VHC) en pacientes mono infectados’**, que foi aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Dispoñible en : <http://www.aemps.gob.es/medicamentosUsoHumano/informesPublicos/home.htm>

Este documento recolle as situacións clínicas nas que o beneficio para os pacientes cuxo tratamento inclúa inhibidores de proteasa para VHC (Telaprevir) é claramente maior respecto da biterapia. Igualmente recolle a información emanada dos ensaios clínicos realizados e establece un posicionamento terapéutico en función da evidencia científica publicada. Dado o amplo arsenal de medicamentos en investigación para o tratamento desta patoloxía, a necesidade de facer unha introdución ordenada destes tratamentos e o principio de prudencia que debe guiar á hora de utilizar un novo tratamento en aras a garantir un uso seguro do mesmo, faise necesario establecer criterios de uso en función da gravidade da patoloxía.

Tomando como referencia estes aspectos, a Comisión Permanente de Farmacia do Consejo Inteterritorial do Sistema Nacional de Saúde, con data 28 de febreiro de 2012, aprobou unha estratexia terapéutica recomendada neste ámbito, considerando que é



no caso priorizar o tratamento a aqueles enfermos cunha enfermidade máis avanzada do que aqueles outros nos que o fármaco mostrouse cunha mellor relación beneficio/risco. Así mesmo, o pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde na súa reunión de data 18 de abril de 2012 acordou aprobar dito documento.

Así mesmo o Servizo Galego de Saúde as responsabilidades de prescrición e avaliación da farmacoterapia así como o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en desenvolvemento do artigo 12.2º do Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, constitúese pola Orde do 9 de abril de 2010, a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT), como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade. Esta CACFT ten como obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos en canto a calidade, seguranza e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles. Segundo establece dita orde, a CACFT funcionará en pleno, sen prexuízo de que se poderá acordar a creación de subcomisións.

Os membros da CACFT, reunida en data 28 de xuño de 2012 e no exercicio das súas funcións, acordan aprobar a inclusión nas guías farmacoterapéuticas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos Boceprevir e Telaprevir nas condicións de uso recollidos no citado documento do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, e constituír unha **Subcomisión para o tratamento da hepatitis C**.

O 1 de xullo de 2012 constitúese oficialmente a Subcomisión para o tratamento da hepatitis C; entre as súas funcións atópase a de establecer recomendacións de emprego e criterios para os medicamentos empregados na Hepatite C e facer un seguimento dos tratamentos instaurados, a partir de información obxectiva e independente e **no marco das recomendacións de emprego e criterios de priorización que se establezan ao respecto no ámbito do Sistema Nacional de Saúde**.


A maiores é de destacar que a *Ley 10/2013, de 24 de julio, por la que se incorporan al ordenamiento jurídico español las Directivas 2010/84/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de diciembre de 2010, sobre farmacovigilancia, y 2011/52/UE del*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2011, sobre prevención de la entrada de medicamentos falsificados en la cadena de suministro legal, y se modifica la Ley 29/2006, de 26 de julio, de garantías y uso racional de los medicamentos y productos sanitarios, establece na súa disposición adicional terceira cal é especificamente o papel destes informes de posicionamento terapéutico no marco do Sistema Nacional de Saúde:

'Disposición adicional tercera. Posicionamiento de medicamentos.

Las actuaciones orientadas a establecer la posición de un medicamento en la prestación farmacéutica y su comparación con otras alternativas terapéuticas, tendrán una base científico técnica común para todo el Sistema Nacional de Salud y se realizarán en el marco de los informes de posicionamiento de la Agencia Española del Medicamento y Productos Sanitarios. Dichos informes tendrán carácter vinculante'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18223**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego diante da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida ao proceso de selección da Xefatura de Servizo de Cirurxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido

“O Goberno acata a sentenza, e cumprea coa dilixencia debida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18339**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a privatización da subministración enerxética e do servizo de mantemento e conservación de edificios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Con esta licitación preténdese conseguir un aforro enerxético e económico, e diminución das emisións de CO₂. Mellorar as condicións de habitabilidade, seguridade e confort dos usuarios e profesionais dos centros, así como de produción da lavandería.

Na documentación dispoñible na páxina web, atópase a información detallada do expediente. (perfil do contratante).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

~~Dirección xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias~~



~~Concello José Ordóñez Puime~~

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18396**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e varios/as deputados/as máis, sobre **“a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación da Xefatura de Servizo de Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno acata a sentenza, e cúmprea coa dilixencia debida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 18421, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre “**o programa de fortalecemento do Fondo de Garantía Salarial**”, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade básica para a que foi creado o FOGASA é a de Institución de garantía dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o abono aos traballadores dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por atoparse en situación legal insolvencia, ou por ser declaradas en situación de concurso.

Convén lembrar que o FOGASA é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica propia. O Goberno Galego non ten competencia sobre dito organismo autónomo, nin nas súas funcións nin na súa carga de persoal.

Coñecedora a Xunta da situación de retraso na tramitación dos expedientes do FOGASA, está a facer un seguimento dos mesmos. Ao mesmo tempo a Xunta ten constancia de que o FOGASA puxo en marcha mecanismos para axilizar a tramitación. Así, o FOGASA puxo en marcha un Plan de choque, no que as provincias da Coruña e Pontevedra están entre as prioritarias, precisamente por estar entre as que máis retraso acumulan.

O FOGASA ten resolto máis casos en 2013, que en calquera ano anterior desde 2007, cun aumento do 20 por cento en comparación con aplicacións de 2012. En canto ao tempo medio de procesamento en outubro de 2012 era de 170 días, un ano despois, en outubro de 2013 reduciuse a 157 días.

31 XULL. 2014

Núm. 25528

Cabe sinalar que, en 2013, o FOGASA contratou 156 interinos para o apoio adicional de novos empregados. Deste xeito, convocou dous concursos de cobertura de prazas, un dos cales xa foi resolto, o outro está nas súas fases finais.

Por outra banda, segundo a información do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, traballan coa previsión de que no último trimestre do ano os expedientes de Fogasa estean ao día.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18841**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“o problema na subministración de alimentos na Farmacia Hospitalaria do Hospital de Montecelo, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non hai falta de subministro de alimentación parenteral na formación do Hospital de Montecelo, nin problemas que afecten aos pacientes con este tipo de alimentación.

No mes de decembro, ante un problema puntual de stock do produto prescrito a esta paciente, en lugar do habitual subministro facilitóuselle o necesario para uns días, completándose posteriormente a totalidade do subministro. Polo tanto a paciente sempre tivo dispoñibilidade da alimentación que ten prescrita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18843**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as obras de reforma e ampliación do edificio multiusos do concello de Cotobade, en Pontevedra, para destinalo a centro de saúde”**, (publicada no BOPG número 237 do 13 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Carballedo presenta limitacións técnicas que fan inviable o seu adecuado acondicionamento.

O proxecto da nova ubicación foi aprobado polo Concello de Cotobade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentaria

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA 29 XULL. 2014 Núm. <u>25437</u>
--

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS 29 XULL. 2014 S A I D A Núm. <u>1993</u>

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18916**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da situación existente no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, as medidas previstas ao respecto e a rectificación das privatizacións levadas a cabo nel”**, (publicada no BOPG número 240 do 19 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de urgencias, dende hai dous anos, está realizando un esforzo moi importante para adaptarse ás necesidades e demanda dos pacientes.

En Maio do 2012 implantouse un sistema de triaxe de pacientes, Sistema Manchester de Triaxe, co que se evita a subxectividade á hora de priorizar a atención aos pacientes que requiren dunha asistencia sanitaria urxente.

Ademais deste programa de clasificación, implantáronse outros aplicativos informáticos: **MAPUR** (Mapa de Urgencias), **SOLING** (Solicitud de Ingreso), **PREVING** (previsión de ingresos) e **MACAM** (Mapa de Camas).

MAPUR é un sistema de información para a xestión dos pacientes admitidos no Servizo de Urgencias da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago. Contempla a xestión do proceso asistencial de urgencias, de maneira horizontal, interconectando a todos os profesionais que interveñen no mesmo, a través dunha plataforma única e integrada co resto de axentes e Sistemas de Información da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

SOLING é un aplicativo que lles permite aos facultativos, unha vez que a situación do paciente así o require e o permite, solicitar o seu ingreso de forma áxil para que o

Servizo Admisión, nun breve espazo de tempo, asigne unha cama para a súa hospitalización.

PREVING é un aplicativo no que, en tempo real, permite a todos os facultativos e supervisoras do CHUS ter o número de pacientes ingresados no seu servizo e os que ten pendentes de ingresar dende as urxencias, o que lle permite unha mellor xestión do seu servizo.

MACAM é unha ferramenta a disposición do Servizo de Admisión para a xestión das altas a domicilio ou traslados a outros centros.

Ademais de controlar o fluxo da demanda, tamén traballa na drenaxe de pacientes dos que se solicitou o seu ingreso. Púxose en funcionamento a mediados do mes de febreiro un **Proceso Asistencial de Ingreso dende Urxencias**, coa participación dos xefes e supervisoras das unidades de hospitalización daqueles servizos con maior presión de ingreso dende urxencias, no que se detallan o seu compromiso na axilización dos ingresos, coa implicación de todo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, obxectivándose unha redución nos tempos de espera.

Con todo este traballo que están a realizar os profesionais, son casos moi puntuais e anecdóticos aqueles pacientes que esperan máis de 24 horas en Urxencias para ser ingresados na unidade de hospitalización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19149**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre **“o impacto das medidas aprobadas polo Goberno central en materia laboral e as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dunha política propia na materia”**, (publicada no BOPG número 240 do 19 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:


“A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) considera, no seu informe de avaliación, que a reforma laboral do 2012 en España contribuíu a aumentar a contratación indefinida e a flexibilidade interna, a reducir os despedimentos colectivos e a moderar os salarios.

A Xunta de Galicia leva desde o 2009 desenvolvendo unha serie de medidas destinadas a mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras galegas, principalmente a través de tres ámbitos de actuación: a formación de traballadores, a incorporación ao mercado laboral e a promoción do emprego individual ou colectivo.

A prioridade do Goberno Galego é o emprego, por iso, se puxo en marcha o Plan de Emprego Xuvenil, dotado con 100 millóns de euros e con 19 medidas concretas, todas destinadas a mellorar a empregabilidade da xuventude galega.

Por outra banda, este Goberno mantén o firme compromiso de apoiar aos traballadores por conta propia, aos emprendedores e aos que aposten pola economía social. En concreto, desde a Consellería de Traballo e Benestar, este ano destinamos 25 millóns de euros aos traballadores por conta propia.

Do mesmo xeito que continuamos impulsando as cooperativas, que se teñen amosado como unha fórmula resistente á crise. Por iso, nos orzamentos deste ano incrementase



nun 36% o programa de fomento do cooperativismo, ata superar os 2 millóns. Todo co obxectivo de xerar novos emprego neste ámbito.

A Xunta de Galicia traballa no ámbito laboral dentro da súas competencias, levando a cabo a execución das políticas activas de emprego.

Todo isto, sen esquecer os das persoas en risco de exclusión, que son os que máis están a sufrir a crise. Para evitar que a crise a paguen os máis vulnerables, seguimos reforzando as partidas de inclusión, que en 2014 van superar os 59 millóns de euros. Facémolo cun obxectivo moi claro, evitar que a súa situación se cronifique, para iso vinculamos a RISGA directamente ao emprego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“as iniciativas que vai poñer en marcha o Goberno galego en colaboración co Concello de Nigrán para as persoas mozas dese termo municipal, a planificación da Xunta de Galicia cara aos concellos galegos para arbitrar medidas de apoio ás persoas mozas nos seus principais problemas e, se é o caso, as que se van implantar nese concello”**, (publicada no BOPG número 240 do 19 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Na xuntanza mantida entre o director xeral de Xuventude e Voluntariado e o alcalde de Nigrán analizáronse as principais liñas do *Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016*, que foi aprobado polo consello da Xunta o pasado mes de abril.

Este Plan conta con 11 eixos de acción, 49 obxectivos e 245 medidas, para atender as necesidades, prioridades e inquiredanzas dos 448.339 mozos e mozas galegos.

Por outra banda, o pasado mes de febreiro o Consello da Xunta aprobou o Plan de Emprego Xuvenil 2014-2015, que consta de 19 medidas e un orzamento de 100 millóns de euros. Este Plan está deseñado concretamente para facer fronte ao desemprego nos menores de 30 anos. Así mesmo, o Plan Estratéxico de Xuventude conta, no seu eixe de vivenda, con 7 medidas concretas en dous eixos operativos: as subvención á compra, aluguer ou rehabilitación de vivenda e as deducións fiscais para os mesmos conceptos.

A execución destas medidas non pode ser cuantificada polo de agora a nivel municipal, ademais, tamén dependerán da programación que o concello de Nigrán decida por en marcha.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
29 XULL. 2014
Núm. 25427

Cabe salientar que o desemprego xuvenil é un dos colectivos que máis preocupa ao Goberno Galego, por iso se deseñou e aprobou un Plan concreto que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade de toda a xuventude galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19426**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Remedios Quintas Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia dos atrasos nos pagamentos aos traballadores do Fondo de Garantía Social en Galicia e as medidas previstas para a súa liquidación”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade básica para a que foi creado o FOGASA é a de Institución de garantía dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o abono aos traballadores dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por atoparse en situación legal insolvencia, ou por ser declaradas en situación de concurso.

Convén lembrar que o FOGASA é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica propia. O Goberno Galego non ten competencia sobre dito organismo autónomo, nin nas súas funcións nin na súa carga de persoal.

Coñecedora a Xunta da situación de retraso na tramitación dos expedientes do FOGASA, está a facer un seguimento dos mesmos. Ao mesmo tempo a Xunta ten constancia de que o FOGASA puxo en marcha mecanismos para axilizar a tramitación. Así, o FOGASA puxo en marcha un Plan de choque, no que as provincias da Coruña e Pontevedra están entre as prioritarias, precisamente por estar entre as que máis retraso acumulan.

O FOGASA ten resolto máis casos en 2013, que en calquera ano anterior desde 2007, cun aumento do 20 por cento en comparación con aplicacións de 2012. En canto ao tempo medio de procesamento en outubro de 2012 era de 170 días, un ano despois, en outubro de 2013 reduciuse a 157 días.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25537

Cabe sinalar que, en 2013, o FOGASA contratou 156 interinos para o apoio adicional de novos empregados. Deste xeito, convocou dous concursos de cobertura de prazas, un dos cales xa foi resolto, o outro está nas súas fases finais.

Por outra banda, segundo a información do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, traballan coa previsión de que no último trimestre do ano os expedientes de Fogasa estean ao día.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19753**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“a posibilidade de ampliación pola Consellería de Traballo e Benestar do concerto que mantén coa asociación Con Eles para a prestación de servizos ás persoas con discapacidade intelectual da contorna de Vilagarcía de Arousa ou, se é o caso, as alternativas previstas para as familias afectadas”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar debemos ter en conta que Con Eles é unha entidade sen ánimo de lucro que xestiona un centro de día para persoas con discapacidade intelectual en Vilagarcía de Arousa. Este centro ten 25 prazas concertadas dende as que se ofertan servizos de atención diúrna para persoas con discapacidade intelectual. Nesta liña, todas estas prazas foron concertadas por este Goberno, unha boa mostra da importancia que se lle concede a este tipo de recursos.

Por outra banda, hai que salientar que a resolución de ingreso nunha praza pública correspóndelle á Secretaría Xeral de Política Social, para o cal, os interesados deben dirixir a súa solicitude á Consellería de Traballo e Benestar, a través da unidade de dependencia da provincia que corresponda, quen avaliará non só o grao de dependencia, senon o recurso máis axeitado para cada solicitante, dentro dos que estean dispoñibles na zona de referencia.


Por outra banda, e dentro das dispoñibilidades orzamentarias de cada momento, a Consellería de Traballo e Benestar, como non podía ser doutro xeito, aborda a posta en

marcha de servizos para aqueles colectivos respecto dos que existe maior demanda e menor oferta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime


Exema. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19757**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“a posible implantación nas deputacións provinciais dun sistema informático semellante ao Sistema de información de usuarios de servizos sociais, coñecido como SIUSS, os seus obxectivos e o traslado a estas dos datos dese sistema, así como a garantía da súa protección”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias, xa ten aprobado un Plan Estratéxico para a Modernización dos Servizos Sociais, o Plan Trabe, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en outubro do 2013.

Este Plan inclúe entre os proxectos de maior prioridade a construción efectiva da ‘Historia Social Única’ (HSU) e o do sistema de ‘Xestión dos servizos sociais comunitarios’.

A calquera administración que lle traslade á Xunta de Galicia a intención de desenvolver sistemas para a xestión dos servizos sociais no ámbito municipal, indícaselle que reoriente o seu proxecto de desenvolvemento de sistemas de información de servizos sociais no ámbito municipal, non á implantación dunha plataforma que se solaparía coa estratexia actual de la Xunta, senón a realización de actuacións tecnolóxicas complementarias.

A compartición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas entre Administracións é un dos piares da estratexia tecnolóxica da Xunta para ofrecer aos cidadáns uns servizos dixitais públicos de calidade, garantindo a interoperabilidade entre administracións e o

acceso en igualdade de condicións a todos os usuarios, independentemente do lugar onde vivan.

Sobre esta filosofía estanse a abordar as iniciativas tecnolóxicas orientadas a mellorar áreas de importancia estratéxica para o cidadán como é a do benestar, para reducir custos, evitando a duplicidade de investimentos. E desde esta perspectiva formulase a cooperación entre institucións públicas co dobre obxectivo de conseguir unha administración máis eficiente e que dea resposta ás necesidades dos cidadáns dun xeito máis áxil. Neste senso, esta administración trasladoulle a Deputación de Pontevedra as liñas do Plan Estratéxico para a Modernización dos Servizos Sociais - Plan Trabe, co obxectivo de acadar sinerxias entre as actuacións de 'Potenciación dos servizos sociais' do proxecto 'DepoTIC' e as do Plan Trabe. Calquera outra administración provincial que teña iniciativas tecnolóxicas neste ámbito pode validar coa Xunta o aliñamento destas coa estratexia autonómica.


Nesta liña, os responsables dos ficheiros son os propios concellos. Así, esta administración autonómica non accede aos datos de carácter persoal que os servizos sociais municipais rexistran no SIUSS nin llos facilita ás deputacións provinciais.

Como xa se expuxo, os responsables dos ficheiros do sistema SIUSS son os propios concellos, e polo tanto do cumprimento rigoroso da normativa de protección de datos de carácter persoal no eido dos servizos sociais, e da adopción de medidas de seguridade. Estas medidas deben ser implementadas por parte das administracións locais, en coordinación co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excmo. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19930**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación do concerto que mantén a Consellería de Traballo e Benestar coa Residencia Valle-Inclán de Vilanova de Arousa para a xestión do servizo público de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia e as actuacións levadas a cabo para garantir os dereitos laborais do persoal e a prestación dun servizo de calidade ás persoas residentes”**, (publicada no BOPG número 250 do 6 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do periodo de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido

“Despois das explicacións dadas no Parlamento, a través da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, o que fixo a Consellería de Traballo e Benestar foi dar un prazo de 15 días requirindo a formalización da cesión na xestión do servizo por parte de Viaxes Silgar S.A.; este requirimento non foi atendido.

Paralelamente, á Consellería foille comunicada a sentenza ditada polo Xulgado do mercantil nº 1 de Pontevedra *-na que se declara o inicio da fase de liquidación de Viaxes Silgar (novembro de 2013)-* polo tanto, quedan en suspenso as facultades de administración e disposición do concursado, ademais de declarar disolta dita empresa.

Ao mesmo tempo, noméase administrador concursal con quen, a partir deste nomeamento, mantén a interlocución a Consellería de Traballo e Benestar. Polo tanto,

desde ese momento este é o único interlocutor válido para a Consellería, non séndoo ningunha das empresas ás que se fai referencia na iniciativa.

Ademais, a Xunta resolveu o contrato que tiña firmado con esta empresa para a xestión de 110 prazas residenciais, a través da modalidade de concerto. Así, de forma inmediata, a Consellería de Traballo e Benestar iniciou a tramitación dun novo contrato para garantir as 110 prazas públicas para que as persoas que as están ocupando poidan seguir dispoñendo deste recurso.

Ademais, o 16 de decembro a Consellería recibiu un escrito do Xulgado comunicando a existencia de consignacións onde a Consellería debía aboar os importes adebedados polos servizos dispensados na residencia ata o momento no que se formalice o novo contrato. Esta medida favorece aos empregados xa que ata ese momento os embargos da AEAT, da XASS e da ATRIGA obrigaron a que a Consellería aboara a mensualidade de setembro á Seguridade Social, impedindo que os cartos chegaran aos traballadores. É importante destacar este aspecto, posto que as transferencias realízanse a través da conta indicada polo Xulgado, non na conta das empresas.

Así, o pasado 11 de marzo publicouse no DOG a Resolución do 5 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se anuncia a contratación da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia no Concello de Vilanova de Arousa e, subsidiariamente noutros concellos da provincia de Pontevedra.

Por conseguinte, a licitación tramitouse pola vía de urxencia dada a necesidade de garantir a continuidade na prestación do servizo e segundo se recolle nas bases. A prioridade da licitación son os 110 usuarios da residencia Valle-Inclán e a atención que reciben, polo que se garante en todo momento polo seu benestar.

En que se refire aos traballadores do centro, estamos ante unha cuestión que depende exclusivamente da empresa licitadora e xestora do servizo, un conflito laboral que debe



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

tratarse entre ambas partes. Por suposto, sempre que haxa unha sentenza xudicial firme esta debe acatarse.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20547**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para combater de xeito efectivo a desigualdade e a precariedade laboral das mulleres e reforzar os servizos públicos dedicados a menores e ás persoas dependentes, así como sobre a demanda ao Goberno central da derogación dos decretos 3/2012, do 10 de febreiro, e 16/2013, do 20 de decembro”**, (publicada no BOPG número 252 do 12 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, en relación coas actuacións para combater a desigualdade laboral, a Xunta de Galicia conta con medidas dirixidas a dous ámbitos. Por unha banda, as actuacións de control, a través da Inspección de Traballo e seguridade Social, que establece no seu plan de actuacións anual medidas destinadas ao control nas empresas para a non discriminación por razón de xénero.

Por outra banda, actuacións de promoción, a través da mellora da empregabilidade das mulleres, establecendo incentivos superiores nas políticas activas de emprego (contratación, emprendemento, etc) no caso de que o solicitante sexa unha muller. Así mesmo, estase a realizar un esforzo importante para que as empresas poidan establecer Plans de Igualdade, a través dunha liña de axudas específica para esta actividade.

En canto a reforma laboral, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) considera, no seu informe de avaliación, que a reforma laboral do 2012 en España vai na dirección correcta, xa que contribuíu a aumentar a contratación indefinida e a flexibilidade interna, a reducir os despedimentos colectivos e a moderar os salarios.

En relación co Decreto 16/2013 do 20 de decembro, este Real Decreto Lei expón medidas en materia de tempo de traballo que perseguen potenciar o traballo a tempo parcial como ferramenta dinamizadora do mercado de traballo e creadora de emprego. Esta norma persegue dar un impulso á modalidade de contratación a tempo parcial con o via de inserción no mercado de traballo, en liña co resto de países da zona euro. A Unión Europea defende o fomento do traballo a tempo parcial como unha maneira de garantir unha 'organización flexible do tempo de traballo dunha maneira que teña en conta as necesidades dos empresarios e dos traballadores'.

En materia de dependencia a Xunta de Galicia aposta polo desenvolvemento dun sistema integral que permita dar unha resposta axeitada ás necesidades das persoas en situación de dependencia e das súas familias. O esforzo que leva facendo este Goberno desde o 2009 para atender ás persoas con dependencia reflíctese perfectamente nos datos.

Así en maio do 2009 só había 14.000 persoas atendidas a través da Lei de Dependencia mentres que, ata maio deste ano, recoñecéronse 77.122 prestacións. Desta forma, hoxe a ratio de atención na nosa Comunidade sitúase no 68,5%, mentres que no ano 2009 era do 30,43%.

Ademais, este Goberno apostou dende o primeiro día polos servizos de atención de calidade -que ademais xeran emprego- sobre as prestacións económicas. Unha aposta que fai que Galicia se manteña como a segunda comunidade con máis porcentaxe de servizos.

Finalmente, no ámbito da familia e a infancia a Consellería de Traballo e Benestar asignou para este ano o orzamento destinado a esta materia, con 61 millóns de euros. No eido da conciliación da vida familiar, laboral e persoal este Goberno ten creado máis de 1.300 prazas públicas en escolas infantís de 0 a 3 anos.

Nesta mesma liña, a Xunta está traballando na posta en marcha de dúas medidas de apoio a conciliación, incluídas no Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia. Por un lado, as casas-niño, que ofrecerán o coidado personalizado de nenos e nenas de ata 3 anos no domicilio dun coidador acreditado e en horario flexible. Por outra banda, o servizo de Axuda no Fogar para a Infancia, que atenderá ás necesidades das persoas coidadoras habituais de menores de 12 anos que non teñan outro xeito de facelo."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21179**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o cumprimento polo Centro de Atención á Discapacidade Intelectual de Crecente da normativa vixente para a prestación dos servizos concertados pola Xunta de Galicia e as razóns do seu outorgamento a unha orde relixiosa”**, (publicada no BOPG número 261 do 26 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A entidade á que fai referencia esta iniciativa presta atención a un total de 60 persoas en réxime residencial no centro que xestiona en Crecente. Estamos a falar de persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas, moitas das cales non teñen familia. A entidade de referencia conta cun centro residencial autorizado pola Consellería de Traballo e Benestar, polo que se atopa en condicións de poder levar a cabo a xestión dun servizo público residencial, concertado pola Xunta de Galicia, nos termos previstos polo artigo 29 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, despois de levar a cabo as reformas oportunas durante o pasado exercicio.

Esta Administración non ten maior ou menor preferencia en contratar con esta entidade ou con calquera outra, sempre que dispoña de permiso de inicio de actividades para desenvolver a súa xestión, porque a prioridade da Xunta son sempre os usuarios.


Debemos ter en conta que a Xunta leva anos concertando prazas con esta entidade, non só con este Goberno, sen ir máis lonxe no ano 2008 había 68 prazas concertadas con preto de 900.000 euros.

Nesta liña, a residencia xestionada polas Escravas da Virxe Dolorosa é a única que conta cun número de prazas autorizadas e dispoñibles, da tipoloxía citada e na área de referencia, polo tanto, é a única opción dispoñible nestes momentos para atender aos 60 usuarios. Por suposto, esta entidade conta con permiso de inicio de actividades e, polo tanto, está en condicións de xestionar este servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Exema. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21470**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da retirada do decreto que regula a creación das áreas de xestión clínica do Sergas”**, (publicada no BOPG número 266 do 3 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 36/2014, do 20 de marzo, polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde xa foi publicado no DOG número 57, do 24 de marzo de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa ~~pregunta con resposta oral en Comisión~~ **número: 22045**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Sánchez Bugallo, sobre **“as previsións actuais da Consellería de Sanidade respecto da construción, inicio e remate das obras dos centros de saúde de Teo, Milladoiro, Galeras e Conxo, na comarca de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 277 do 23 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A licitación do Centro de Saúde de Galeras está anunciada no DOG do 8 de maio, e na páxina web do Sergas (www.sergas.es). O prazo de execución é de 18 meses.

Os Centros do Milladoiro, Conxo e Teo iranse licitando en función da súa priorización e dispoñibilidade dos recursos precisos para a súa construción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
29 XULL. 2014
Núm. 25425

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 XULL. 2014
SAIDA
Num. 1998


En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22231**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a dispensación efectiva e gratuíta do medicamento sofobuvir aos doentes con hepatite C que o teñan prescrito”**, (publicada no BOPG número 277 do 23 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde ten creada e en funcionamento desde o ano 2010 a Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica como un órgano de asesoramento da Consellería de Sanidade que ten entre as súas funcións realizar o seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Sergas e propoñer estratexias de xestión eficiente dos recursos en canto á calidade, seguridade, eficiencia e equidade de acceso.

Esta Comisión regula e harmoniza os criterios de utilización de medicamentos de especial impacto sanitario, social e/ou económico que son solicitados polos profesionais sanitarios para ter dispoñibles nas guías farmacoterapéuticas das institucións sanitarias do Sergas coa finalidade de que se garanta o acceso a ditos medicamentos unha vez incluídos no financiamento e en condicións de igualdade en todo o Servizo Galego de Saúde.

A día de hoxe o medicamento sofobuvir está pendente do financiamento e fixación de prezo polo Ministerio de Sanidad.

Non obstante, a prestación farmacéutica está garantida xa que ademais no Sergas están habilitados procedementos para dar cobertura a situacións clínicas excepcionais de urxencia e/ou en ausencia de alternativas terapéuticas que requiran dun medicamento non avaliado por dita comisión.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Exema. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22376**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación da asistencia foniátrica na área sanitaria de Ourense, as actuacións e o prazo previsto polo Goberno galego para a prestación desta atención dentro do sistema público de saúde”**, (publicada no BOPG número 282 do 2 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A foniatría en Ourense aténdese polos médicos especialistas dos servizos de rehabilitación, quen, unha vez realizada a avaliación dos pacientes, prescriben a indicación de tratamento de logopedia que proceda, e que se prestan nos servizos concertados coa empresa Ángela Freire Iglesias (Logopeda).

Na organización actual das referencias de especialidade o CHUVI é o centro de referencia directa; centro no que un médico especialista do servizo de rehabilitación se dedica, a tempo parcial, á atención da foniatría, pero sen unha asignación específica como referencia de especialidade.

Non existe ningunha limitación para realizar probas de apoio ao diagnóstico, nin hai constancia de ningunha solicitude de proba específica.

A asignación da atención dos pacientes que a precisen realízana especialistas dos servizos de rehabilitación con maior experiencia na materia.

Os servizos dotados nos centros do SERGAS están cualificados e capacitados para atender e tratar aos pacientes que precisan destes coidados, tanto na avaliación médica, como no tratamento de logopedia, que se ven realizando na actualidade.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
29 XULL. 2014
Núm. <u>25439</u>

A prestación de asistencia en materia de foniatría é un método médico conservador, non invasivo ou rehabilitador, que combina coñecementos de disciplinas médicas (otorrinolaringoloxía, rehabilitación, neuroloxía, psiquiatría, pediatria, odontoloxía, etc) e non médicas (lingüística, fonética, acústica, psicolóxica, pedagóxica, ciencias da comunicación, ciencias do comportamento etc.) para abordar de xeito específico e diferenciado estes trastornos. Os servizos médicos que se mencionan e relacionan, están cotados e cualificados, dispoñibles na carteira de servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordoñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22405**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información e as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade en relación coa situación xerada pola realización de horas extras ou voluntariedades por persoal estatutario fixo na Atención Primaria e puntos de atención continuada”**, (publicada no BOPG número 282 do 2 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Servizo Galego de Saúde estase a respectar a legalidade vixente. Pero nun colectivo tan amplo de profesionais, que traballa os 365 días do ano, puideran chegar a producirse, eventualmente, excesos de xornada que, de ser o caso e para seren verificados e resoltos, terían que ser previamente concretados e identificados.

Tales situacións deberían ser analizadas no marco dos Acordos asinados e no ámbito da negociación colectiva coas organizacións sindicais.

As condicións de traballo aplicables aos diferentes colectivos de persoal que presta servizos nas Unidades de Atención Primaria (UAP) e nos Puntos de Atención Continuada (PAC), incluso máis aló da súa xornada ordinaria e dentro da chamada xornada complementaria, foron pactadas no ano 2008 pola Administración sanitaria e a maioría das organizacións sindicais (entre elas, as tres máis representativas na Comunidade Autónoma: CIG, UGT e CC.OO.) e plasmada nos respectivos Acordos acadados na Mesa sectorial e plenamente vixentes por decisión das partes asinantes. Acordos que figuran publicados no Diario Oficial de Galicia do 16 de xuño de 2008.



Entre os colectivos que, por acordo, poden participar na cobertura da asistencia urxente, está o persoal dos propios PAC e o persoal das Unidades de Atención Primaria (UAP), que complementan desta forma a súa xornada a través do denominado 'réxime de voluntariedade'.

Que os profesionais das UAP fiquen fóra do citado réxime de voluntariedade, e que a xornada complementaria sexa realizada só por persoal fixo dos PAC e aspirantes das listaxes de contratación, implica non só deixar sen contido os tales Acordos vixentes e acadados cos lexítimos representantes dos colectivos afectados, senón tamén ignorar o principio de legalidade e suxeición ao ordenamento xurídico que necesariamente vincula a actuación administrativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22461**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia relativa á localización dun punto de encontro familiar no edificio da Casa da Xuventude de Ourense, actualmente denominada Espazo Xove, e a situación do Consello de Xestión da Xuventude en relación coa xestión e funcionamento desa casa, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 282 do 2 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar empezou, no ano 2011, un proceso de revisión das instalacións dos puntos de encontro familiar para situalos en locais de titularidade pública. No caso do punto de encontro de Ourense, logo de estudar as diferentes posibilidades, acordouse que a mellor opción era o edificio que alberga a Casa da Xuventude, motivo polo cal se realizaron as obras de acondicionamento.

Cómpre salientar que as características do edificio e as actividades que nel se desenvolven son totalmente compatibles co funcionamento do punto de encontro. Ademais, o local para a prestación do servizo de punto de encontro está separado do resto dos servizos que neste edificio se desenvolven.

O local do punto de encontro familiar é de tamaño suficiente, conta coas estancias e instalacións adecuadas para dar cumprimento aos requisitos estruturais establecidos no Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en:

Galicia e o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O Espazo Xove de Ourense atende na súa totalidade a todos os grupos e asociación xuvenís que solicitan os seus servizos, dentro dunha programación de actividades, que se fai con carácter quincenal e incluso se reforzou este servizo cun posto de coordinación de actividades, para atender e garantir o uso das súas instalacións pola totalidade dos grupos xuvenís que o soliciten.

O Espazo Xove de Ourense forma parte dunha rede de 12 Espazos Xoves espallados por toda Galicia e que, xunto co Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, as oficinas locais de Xuventude e as oficinas municipais de información xuvenil, forman parte da Rede Galega de Información Xuvenil. O modelo de xestión para todos os Espazos Xoves é o mesmo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Conzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22693**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“os motivos dos reiterados atrasos e incumprimentos na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia e das axudas de emerxencia social, así como as conclusións que extrae o Goberno galego do informe anual elaborado pola Mesa para o Seguimento da Risga”**, (publicada no BOPG número 285 do 7 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O tempo medio de tramitación dos expedientes de RISGA, desde a recepción da solicitude no concello ata a súa resolución na xefatura territorial correspondente, no ano 2013 foi similar ao acadado no ano 2012, mesmo lixeiramente inferior.

Nesta liña, debemos ter en conta que a tramitación queda interrompida pola petición de documentación á persoa solicitante e aos concellos, posto que, en tanto non se recada a información necesaria para constatar que se cumpren os requisitos, non se pode conceder a prestación.

No caso das axudas de emerxencia social, o tempo medio de tramitación dos expedientes, desde a recepción da solicitude no concello ata a súa resolución na xefatura territorial correspondente, no ano 2013 tamén foi similar ao acadado no ano 2012.

Cómpre salientar que o Goberno galego está a facer un esforzo para que aquelas solicitudes que cumpran todos os requisitos poidan recibir a prestación o máis axiña posible.

Neste senso, hai que ter en conta o incremento do 20% no volume de solicitudes da RISGA presentadas no ano 2013, respecto ao ano 2012. Cómpre sinalar que tamén se incrementou, considerablemente, respecto ao ano anterior, o número de persoas beneficiarias, neste caso nun 38%.


PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. <u>25543</u>

A mellor mostra do compromiso do Goberno galego coa inclusión é que neste ano o orzamento destinado á RISGA volve incrementarse ata acadar os 39,7 millóns, un 21,4% máis que o orzamento inicial do 2013. Ademais, sobre este orzamento a Consellería xa ten feito unha ampliación de crédito de 2,7 millóns, polo que o orzamento total para este ano agora mesmo é de 42,4 millóns.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Participación



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23187**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do peche da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Gil Casares, a suficiencia da actual dotación de profesionais e de camas para a atención de agudos e rehabilitación en saúde mental, así como a posta en marcha, con carácter xeral, do Programa de prevención do suicidio implantado en Ourense”**, (publicada no BOPG número 294 do 22 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non se vai pechar a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Agudos CHUS ubicado no Gil Casares.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23452**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do libramento das axudas económicas comprometidas para o ano 2013 co Comité Antisida-Lazos Pro Solidariedade, de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 297 do 28 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Das axudas concedidas para o período 2013-2014 están pagadas as de 2013. As correspondentes ao 2014 aboaranse unha vez completado correctamente o proceso de xustificación de subvención concedida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais



e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23502**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre **“as razóns do baixo nivel de execución pola Xunta de Galicia dos orzamentos destinados ás políticas de creación de emprego e as medidas que vai implementar ao respecto, en particular, as destinadas ás persoas desempregadas de longa duración maiores de 45 anos”**, (publicada no BOPG número 297 do 28 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O emprego é o obxectivo prioritario de todo o Goberno da Xunta, por iso, o Goberno mantén o seu compromiso coas políticas activas de emprego, sempre coa finalidade de mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas que hai en Galicia.

Para que a situación laboral de Galicia mellore é fundamental que a economía tamén mellore, nesta liña a situación non é boa, pero si que se empezan a ver sinais positivos, como o feito de que este ano, por primeira vez dende o inicio da crise, traballamos coa previsión de que creza o PIB en Galicia. Ademais, hoxe Galicia leva 5 meses rexistrando baixadas mensuais no paro rexistrado e 5 meses consecutivos de subida na afiliación á Seguridade Social.

Así mesmo, Galicia presenta un comportamento mellor que outras comunidades; dende abril do 2009 hai 12 comunidades nas que o paro creceu máis que en Galicia. Con todo, son sinais positivos, pero insuficientes.

Por iso, a primeira prioridade do Goberno Galego é o emprego, para iso, este Goberno puxo en marcha o Plan de Emprego Xuvenil, dotado con 100 millóns de euros e con 19 medidas concretas, todas destinadas a mellorar a empregabilidade da xuventude galega. Desde a Consellería de Traballo e Benestar tamén se puxo en marcha, en xullo do 2013, o Plan de loita contra o emprego non declarado, porque o traballo non declarado afecta as contas da nosa Comunidade e, ademais, atenta contra o principio básico de igualdade. Por outra banda, este Goberno mantén o firme compromiso de apoiar aos traballadores por conta propia, aos emprendedores e aos que aposten pola economía social. En concreto, desde a Consellería de Traballo e Benestar, este ano destinamos 25 millóns de euros aos traballadores por conta propia.

Do mesmo xeito que continuamos impulsando as cooperativas, que se teñen amosado como unha fórmula resistente á crise. Por iso, nos orzamentos deste ano incrementase nun 36% o programa de fomento do cooperativismo, ata superar os 2 millóns. Todo co obxectivo de xerar novos emprego neste ámbito.

Todo isto sen esquecermos das persoas en risco de exclusión, que son os que máis están a sufrir a crise. Para evitar que a crise a paguen os máis vulnerables, seguimos reforzando as partidas de inclusión, que en 2014 van superar os 59 millóns de euros. Facémolo cun obxectivo moi claro, evitar que a súa situación se cronifique, para iso vinculamos a RISGA directamente ao emprego.

Finalmente, as partidas da área laboral poden comprobarse nos orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar. Todos os fondos da Dirección Xeral de Emprego e Formación están dirixidos a políticas activas de emprego, que se executan a través de programas destinados a mellorar e fomentar a empregabilidade, á intermediación e inserción laboral e á formación profesional de persoas desempregadas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, conta con programas dirixidos a promoción do emprego autónomo, ao cooperativismo e á economía social, entre outros.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. **25520**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23526**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona María Consuelo Martínez García, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para reducir o número de accidentes laborais en Galicia, así como a actuación que vai levar a cabo en relación coa eventual aprobación polo Goberno central dunha Lei de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as competencias de Galicia na materia”**, (publicada no BOPG número 297 do 28 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

*“Galicia conta cun **Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia, 2011-2014**, un dos primeiros acordos do Diálogo Social do Goberno galego e os axentes sociais. Trátase dunha folla de ruta que xorde do consenso entre os actores implicados no eido da seguridade e saúde laboral e que se converte no marco común das accións a acometer ao longo do seu período de execución.*

A Estratexia deseña seis obxectivos con liñas de acción e medidas que se están a cumprir dende o 2011. Este Plan, liderado pola Xunta de Galicia e coordinado polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral de Galicia (ISSGA), persegue promover un maior control e máis eficaz do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais, desenvolver accións de sensibilización e de asesoramento, ao tempo que se traballa no incremento da calidade e da eficacia dos sistemas de prevención das empresas, reforzando as institucións dedicadas á prevención e fomentando a implicación de todas as administracións implicadas.

En definitiva, trátase de introducir e consolidar a cultura da prevención de riscos laborais en todos os ámbitos da sociedade galega, mellorando o nivel de coñecemento, análise e investigación en materia e seguridade e saúde laboral.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) é o órgano que ten encomendada a xestión e a coordinación das políticas deseñadas polos poderes públicos nese ámbito e que, con carácter anual, integra no seu Plan de Actividades os mandatos da Estratexia.

Estes plans anuais son sometidos a aprobación do seu órgano colexiado de goberno, onde teñen presenza ademais da Xunta de Galicia, a CEG e os tres sindicatos máis representativos no ámbito autonómico, que ademais de aprobar o Plan, xuntan achegas para a súa incorporación á actividade do ISSGA.

En relación coas actividades que está a desenvolver a Xunta para combater a sinistralidade e para mellorar as condición de saúde e seguridade nos centros de traballo, desde o ISSGA trabállase cunha planificación anual, que entre outras accións contempla as seguintes:

- Trátase dun plan integral no que se abordan acción nas distintas disciplinas preventivas, de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo, e que se destina a os distintos sectores de actividade e especialmente ás pequenas e medianas empresas.
- Desenvolve o derradeiro ano da Estratexia de PRL en Galicia 2011-2014, acordada no marco do Diálogo Social polo Goberno galego.
- Moitas das accións contidas no plan anual teñen un carácter de continuidade, dado que nos anos anteriores iniciáronse moitas liñas de acción que precisan para a súa total execución de mais dun ano e, sobre todo, porque da análise e o balance de resultados valórase como positivo a súa continuidade.

O Plan contén 65 actuacións que se estruturan en distintas fichas coa descrición, os obxectivos e as medidas que se agrupan en 6 eixos ou epígrafes xenéricos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULL. 2014

Núm. **25534**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23753**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do actual servizo de xinecoloxía do Centro de Saúde das Pontes e a atención das demandas do Concello referidas ás necesidades existentes nel”**, (publicada no BOPG número 302 do 10 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A carteira de Servizos de Atención Primaria (AP) ven recollida no RD 1030/2006, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o seu procedemento para a súa actualización determina as prestacións a desenvolver no ámbito da Atención Primaria.

Na actualidade todas as prestacións recollidas no apartado 6.3 do anexo II do mencionado Real Decreto están a ser realizadas pola matrona e os médicos de familia do Servizo de Atención Primaria das Pontes, igual que nos demais Servizos da Xerencia. A posta en marcha no pasado ano 2013 do plan de parto e nacemento e o procedemento de derivación das pacientes xinecolóxicas e obstétricas de Atención Primaria a Atención Especializada garante a accesibilidade en igualdade de condicións de todas as mulleres, incluídas as das Pontes.

A xinecoloxía está incluída na carteira de Servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, que presta esta asistencia asistencia, como recolle o mencionado RD, no ámbito da Atención Especializada en colaboración e coordinación co primeiro nivel asistencial como se está a facer na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XULI. 2014


Núm. 25517

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23757**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“a información e opinión da Consellería de Sanidade respecto do novo proxecto de rehabilitación da Casa do Médico do Hío para destinala a usos sanitarios, así como as medidas previstas para o cumprimento do compromiso de construción do Centro de Saúde de Aldán-O Hío”**, (publicada no BOPG número 302 do 10 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerente do Sergas contestou ás cuestións presentadas na comisión 5ª celebrada o día 20 de xuño. O Servizo Galego de Saúde informou sobre o proxecto recibido, tanto por escrito como na comisión 5ª. No momento actual non temos constancia dun novo proxecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O Director xeral de Relacións Institucionais

Gonzalo José Ordóñez Puime





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23891**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a información referida á destrución de probas radiodiagnósticas sen previa dixitalización en centros hospitalarios do Sergas, en concreto, na Área de Xestión Integrada de Lugo, se é o caso, a súa xustificación e as medidas adoptadas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 302 do 10 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde non destruíu ningunha documentación clínica.

A lexislación vixente obriga a conservar a historia clínica do paciente, así como os informes de alta, informes cirúrxicos, informes de anestesia, consentimentos informados ou informes de probas complementarias.

No que atinxe ás radiografías, a lei esixe a súa conservación física durante un período de cinco anos. Pasado este período poden ser destruídas, algo que acontece na maioría dos centros sanitarios, posto que, do contrario, o volume almacenado sería inxente.

A Lei si obriga a conservar, e así se fai, o informe clínico que acompaña a esa radiografía. Así pois, o Sergas conserva o informe de cada unha desas radiografías, xa que a lei identifica o informe como parte da historia clínica, pero non o soporte da radiografía en si mesmo.

O Servizo Galego de Saúde cumpre estritamente ambos preceptos lexislativos: consérvase o informe de cada unha das radiografías, e consérvase a radiografía durante, polo menos cinco anos.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. 25514

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23898**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“os obxectivos da Consellería de Sanidade respecto da xestión dos laboratorios que se van segregar do novo hospital privado de Vigo, así como as repercusións e a xustificación da súa supresión”**, (publicada no BOPG número 302 do 10 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Hospital de Vigo será un hospital público e contará cun laboratorio público. No novo hospital haberá un laboratorio de urxencias e a cadea ‘core’ estará no Hospital do Meixoeiro. Esta ubicación permitirá crecementos espaciais futuros, aproveitar as instalacións de laboratorios recentemente remodeladas e uns accesos áxiles dende todos os centros de saúde e os 3 hospitais da Estrutura de Xestión Integrada de Vigo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23962**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao cumprimento do Pacto local no relativo á asunción pola Xunta de Galicia dos gastos dos centros de saúde e puntos de atención continuada, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto”**, (publicada no BOPG número 304 do 18 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Pacto Local foi asinado no ano 2006. Entre esta data e o ano 2009 non se asumiu ningún centro. Os primeiros foron asumidos no ano 2010, e, a día de de hoxe 50 centros foron transferidos, aos que se suman 21 de nova construción que substitúen a centros municipais.

Dende a Consellería seguiremos colaborando cos Concellos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O Director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24122**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“a norma legal pola que se rexen as actuacións comprendidas no programa Reconduce, destinado a prestar asesoramento xurídico e económico e unha atención personalizada ás familias afectadas polos desafuzamentos, os datos referidos á creación da oficina que o desenvolve e a tramitación das solicitudes presentadas, así como o orzamento destinado para ese fin”**, (publicada no BOPG número 304 do 18 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Programa Reconduce, de apoio ás familias para a prevención do risco de desafuzamento por execución hipotecaria, é un programa de servizos sociais comunitarios específicos de ámbito supramunicipal, creado e xestionado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto nos artigos 12,13 e 59.i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e máis nos artigos 25 e 26 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Na oficina central do Programa Reconduce traballa un equipo multidisciplinar, integrado por persoal empregado público da Administración Autonómica con diferentes perfís de formación universitaria. A maiores, tamén se lle sumou un auxiliar administrativo para asumir a xestión das citas, para as entrevistas dos técnicos coas persoas usuarias dos servizos e para as tarefas de rexistro e comunicacións da propia oficina.

A dotación de persoal para dita oficina levouse a cabo mediante a mobilización voluntaria de efectivos de persoal que xa estaban noutras unidades administrativas, facendo un esforzo por acomodar a organización dos seus medios para darlle unha



resposta axeitada á crecente demanda social de servizos públicos para o apoio ás persoas e as familias en risco ou situación de desafuzamento da súa vivenda habitual por execución hipotecaria.

Este programa dispón dunha oficina situada en Santiago de Compostela, concretamente no edificio da Escola Galega de Administración Pública.

En relación coas solicitudes recibidas neste Programa, ata agora houbo un total de 199, das cales 90 acadaron un expediente completo. Polo momento non existe constancia de ningún desafuzamento das familias co expediente formado e defendido pola oficina do Programa Reconduce, a pesar de que houbo varias situacións nas que o dito desafuzamento estaba xa previsto.

Por outra banda, nos casos nos que a dación en pago configúrase como a solución máis axeitada trabállanse, sempre de acordo coas familias, varias opcións para o seu futuro. Ou ben o aluguer social por parte da entidade financeira na mesma vivenda ou en outra alternativa, a busca voluntaria feita polos propios usuarios, a utilización de outros recursos coa colaboración do Instituto da Vivenda o Solo (programa Realoxo ou Aluga) ou dos propios concellos, ou, se fose o caso, convivencia no domicilio doutros familiares. Ademais, nos casos nos que existen situacións de paro laboral, que son practicamente a totalidade das situacións, trabállase en colaboración coas diferentes unidades da Consellería de Traballo e Benestar, tanto de emprego como de formación así como cos servizos de orientación laboral (públicos e ONGs), para que esas persoas usuarias podan integrarse ao mundo produtivo e recuperar ou mellorar a súa capacidade económica o que vai conlevar unha integración social normalizada.

Por outra banda, ofréceselle ás distintas persoas integradas no programa Reconduce e ás súas familias, un apoio psico-social para paliar as situacións de estrés, relacionais e de autoestima que presentan a maioría delas, así como un asesoramento relativo aos recursos e programas sociais aos que poidan ter dereito. Este tipo de apoios realízanse coordinadamente cos servizos sociais comunitarios dos concellos galegos.

En canto ás actuacións de reforzo que vai realizar a Xunta para este Programa, existen varios apoios fundamentais que complementan e reforzan as actuacións da oficina central do programa Reconduce.


En cada xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, designouse a un traballador con coñecementos sobre os recursos sociais existentes e concretamente do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




programa Reconduce. Estas persoas técnicas responsabilízanse directamente da información e do asesoramento aos posibles usuarios, da interlocución coa oficina central nos casos necesarios, así como do traslado da correspondente documentación que vai permitir ao equipo multidisciplinar un estudio pormenorizado e individualizado de cada situación.

Os concellos, a través dos Servizos Sociais Comunitarios como punto de entrada das demandas e da valoración das necesidades sociais, derivan á oficina central do programa Reconduce numerosos casos que sempre veñen acompañados dun diagnóstico previo, e das actuacións levadas a cabo o que facilita o desenvolvemento dos obxectivos do equipo interdisciplinar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24173**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as razóns do Goberno galego para recortar a programación dos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade, as súas repercusións para as familias e persoas afectadas e as previsións da consellaría respecto da súa rectificación para o verán de 2014, así como para as próximas convocatorias”**, (publicada no BOPG número 304 do 18 de xuño de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar non fixo ningún recorte no número de prazas ofertadas nos campamentos específicos, as prazas seguen sendo as mesmas que había no 2013, en concreto 130 prazas. E máis, mesmo se incrementou o número de instalacións, pasando de 2 a 4, e o número de quendas, pasando de 5 a 8.

Ademais, e por primeira vez este ano, as persoas con discapacidade puideron optar a un número de prazas maior, posto que se abriu a posibilidade de que puideran tamén participar na modalidade xeral de campamentos coa finalidade de que a inclusión social das persoas con discapacidade sexa unha realidade á vez que favoreza a interacción e a convivencia, para iso ofertáronse varias vías de participación.

Por un lado, a través da convocatoria realizada pola Orde do 17 de marzo de 2014 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2014 (DOG nº 59 do 26 de marzo de 2014), para mozos e mozas con idades comprendidas entre os 9 anos e que non superen os 18, e con grao de discapacidade entre o 33% e o 65%, en dita convocatoria contéplanse dúas modalidades de participación: pola quenda xeral ou pola quenda de inclusión.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XULL. 2014
Núm. <u>25549</u>

Deste xeito, por primeira vez e á petición de familias e entidades, abriuse a posibilidade a unha maior oportunidade de obter praza nun campamento xa que non se limitou a que as persoas con discapacidade tivesen que optar exclusivamente a quenda de inclusión, e ademais o número de prazas ofertadas na quenda de inclusión incrementouse un 100% respecto a 2013, posto que se pasou dunha oferta de 30 prazas a una oferta de 60 prazas.

Por outro lado, a través da oferta para participar en campamentos de quendas específicas para persoas con discapacidade con idades comprendidas entre os 11 e os 40 anos que como mínimo acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Polo tanto, non é certo que se teña feito un recorte no número de prazas, todo o contrario, téñense introducido melloras en base á experiencia dos anos anteriores, sempre co obxectivo último de que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha oferta de ocio de calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21547**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayoy Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da situación laboral dos traballadores da empresa auxiliar Atenasa, do sector naval de Ferrol, e as medidas adoptadas para resolver o conflito”**, (publicada no BOPG número 269 do 9 de abril de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores da empresa Atenasa están a reivindicar os seus dereitos ao ser despedidos mentres estaban inmersos nun expediente de regulación temporal de emprego, polo que, segundo as últimas sentenzas non poderían ser despedidos.

Con independencia da necesaria interlocución coa empresa, hai que ter en conta que a Xunta de Galicia non ten competencias para instar á reincorporación duns traballadores despedidos, xa que esta posibilidade só a pode facer o poder xudicial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo Losada Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

22 XULL. 2014

25230



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16886**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García, sobre **“a utilización da hormona animal 'somatropina bovina' (BST)”**, (publicada no BOPG número 225 do 20 de xaneiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar deu cumprida información a esta iniciativa a través da intervención da Directora Xeral de Producción Agropecuaria na comparecencia da Comisión 7ª celebrada o 13 de xuño de 2014.

Ao respecto, destacamos que Galicia tivo no 2013 unha prevalencia da tuberculose bovina do 0,12% sendo a segunda máis baixa da Península Ibérica, tras Cataluña. Na comunidade galega a tuberculose bovina foi diminuindo progresivamente e de xeito constante e continuo.

Patricia Ulloa subliñou que estas baixas prevalencias aportan gran prestixio sanitario á cabana gandeira galega e sitúan ao sector nunha posición máis favorable respecto doutras comunidades autónomas.

A prevalencia media de España é do 1.39%, chegando algunhas comunidades autónomas a acadar prevalencias de ata o 5.94%. Ademais no conxunto de España a tendencia tamén reflectiu unha diminución continuada nos últimos vinte anos, dende o 11,14% en 1986 ata o 1,39% na actualidade.

A directora xeral na súa comparecencia explicou que unha vez que entra a tuberculose bovina é moi difícil de erradicar e engadiu que dende 1990 Galicia apostou pola súa erradicación, destinando importantes recursos a tal fin.

Nos dous últimos anos detectouse un incremento de explotacións con animais reaccionantes á proba oficial de diagnóstico, denominada intradermotuberculinización, o cal é un feito normal dada a complexidade do diagnóstico desta enfermidade.

É polo que existen protocolos nos que cada unha das explotacións afectadas é sometida a un estudo epidemiolóxico individualizado, co obxecto de determinar os casos nos que é necesario proceder ao sacrificio dos animais, discernindo aqueles outros nos que se considera preciso realizar outras probas complementarias. Nun número importante de explotacións non se procede inicialmente ao sacrificio dos animais reaccionantes, en espera de novas probas.

Ademais, mantendo a rigorosidade nas actuacións, tomáronse algunhas medidas adicionais destinadas a axilizar todos os prazos e facilitar na medida do posible o funcionamento das explotacións afectadas. Algunhas das medidas son a axilización das diagnoses e no pagamento de indemnizacións, a realización de cursos de especialización para veterinarios de campo e a mellora da investigación aplicada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamento



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17368**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a valoración do resultado, a incidencia que vai ter nas diferentes comarcas e concellos de Lugo e os criterios seguidos na elaboración do novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013 aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural”**. (publicada no BOPG número 230 do 4 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar deu cumprida resposta á iniciativa na Comisión 7ª do pasado 28 de marzo de 2014, a través da intervención do Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Antonio Crespo Iglesias.

Así mesmo, e reiterándonos no respondido no Parlamento de Galicia, cabe sinalar que o novo marco financeiro Leader para os anos 2014/15 saíu adiante logo dun gran esforzo financeiro feito dende a Consellería para poder prorrogar este programa ata a entrada en vigor do novo período 2014/2020. Con esta nova asignación orzamentaria damos polo tanto cumprimento a pretensión inicial de que no período de programación que agora esta rematando, se dispuxesen uns 150 millóns de euros Leader.

Debemos deixar claro que estamos a falar de enfoque Leader onde as decisións se toman de abaixo -arriba. A propia Comisión Europea esixe que sexa a poboación rural, representada nos GDRs, a responsable da toma de decisión dos programas da súa zona, de aí, que neste escenario resulte fundamental respectar en todo momento a proposta dos propios Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).

Agader para realizar o reparto dos fondos Leader pediu proposta de criterios á asociación de grupos de desenvolvemento rural, que reúne aos 31 grupos de Galicia. A asociación, reunida na súa xunta xeral, aprobou os criterios que posteriormente foron empregados no reparto que figuran na acta desta xuntanza e que foron remitidos a Agader. Estes criterios textualmente foron:

1º Procurar un mínimo de 400.000€/grupo e ano que permitan continuar dinamizando proxectos no ano 2014-2015.

2º O resto dos fondos que se repartan aos Grupos, en función dos importes totais dos ICE'S (informe de control de elixibilidade) enviados a AGADER, tendo en conta ademais, os criterios de eficiencia e eficacia na xestión do programa reflectidos no Convenio'.

Estes foron os criterios que aplicou Agader para o reparto de fondos.

O criterio defendido polos grupos foi garantir a continuidade de todos os GDR durante o período 2014-2015 (de aí a asignación mínima por grupo) e despois, o número e volume dos proxectos presentados. O criterio fundamental de reparto foi a desviación respecto da media galega do volume de axuda dos proxectos presentados en cada GDR en relación á súa dotación inicial.

Os fondos polo tanto foron repartidos tal e como os propios GDRs nos pediron, e valorando a eficacia amosada ao longo do programa. Analizados os datos do reparto do período 14/15 con respecto ao que tiveron os grupos no período 07/13, pódese concluír que a porcentaxe recibida recentemente non ofrece máis dun 1% de variación de media, á alta ou á baixa na meirande parte dos GDR.

Lembramos que se reparte a bolsa xeral do Leader Galicia entre todos os grupos existentes e de acordo coa normativa europea. Esta normativa dispón que hai que distribuír entre o territorio galego no seu conxunto coa excepción dos núcleos urbanos das sete grandes cidades. Neste escenario non caben polo tanto, análises de reparto provincial, sectorial, nin de ningún outro tipo.

De todos xeitos cabe indicar que se quixésemos valorar o reparto por provincias, os datos indican o seguinte:

**FONDOS POR HABITANTE:**

PROVINCIA	FONDOS POR HABITANTE
A CORUÑA	14,37 €/hab
LUGO	42,14 €/hab
OURENSE	45,60 €/hab
PONTEVEDRA	14,49 €/hab
GALICIA	23,56 €/hab

Se temos en conta os índices de execución por provincia, no reparto inicial do 2008 os grupos da provincia de Lugo e Ourense partiron dun reparto igualitario dos fondos para o período 2007-2013, pero o volume de proxectos presentados está case un 20% por debaixo da media galega. Pola contra, existen grupos onde quedaron proxectos en espera de ser atendidos por ter unha maior eficacia no seu funcionamento e cubrir a súa asignación.

PORCENTAXE DE EXECUCIÓN:

PROVINCIA	% EXECUCIÓN TOTALIDADE DO PERIODO
A CORUÑA	71,70 %
PONTEVEDRA	60,88 %
LUGO	57,08 %
OURENSE	54,10 %
GALICIA	61,33 %

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19580**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a avaliación da Xunta de Galicia dos danos materiais e ambientais ocasionados polo incendio declarado o 11 de setembro de 2013 no monte Pindo, os medios destinados a palialos e as previsións respecto do desenvolvemento dun plan de restauración medioambiental, así como a súa declaración como parque natural”**, (publicada no BOPG número 245 do 26 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar deu cumprida información no Parlamento de Galicia, mediante a intervención da conselleira do Medio Rural e do Mar e o secretario Xeral de Medio Rural e Montes, tanto en Pleno como en Comisión, no referente ás iniciativas 12355, 12356, 12229, 12380 e 19578.

O dispositivo empregado na prevención e extinción de lumes está configurado de acordo co PLADIGA 2013. Púxose a disposición dos concellos -a través dos pertinentes convenios- o apoio económico que lles permitiu poñer en marcha brigadas complementarias de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os meses de verán. Deste xeito reforzouse a coordinación, colaboración e apoio entre administracións co fin de conseguir cortar as perdas ocasionadas polo lume e minorar os custes por extinguiilos.

As medidas concretas que impulsou a Xunta de Galicia no ámbito da coordinación e apoio entre administracións, en concreto coas municipais, na loita contra incendios forestais enmárcanse na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os

incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes.

Realizáronse tarefas de prevención tales como a posta en marcha de roza manual, rareo, eliminación de restos, limpeza de puntos de auga e tratamentos de prevención; ademais de labores de vixilancia e extinción.

A Xunta iniciou sobre os terreos afectados polos lumes os traballos de prevención diante de posibles perdas de solo provocadas polas choivas en zonas afectadas por incendios forestais. Estes traballos -enmarcados dentro do plan de prevención deseñado no grupo de traballo creado entre as Consellerías de Medio Rural e Mar e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas- engádense aos que Augas de Galicia realizou no dominio público hidráulico.

En setembro de 2013 creouse unha Comisión para facer un seguimento das superficies queimadas superiores ás 50 has. Cada un dos departamentos representados nesta Comisión, dentro das súas funcións e dende a súa óptica, procedeu a analizar a situación creada polos incendios forestais.

Nunha primeira fase, os labores consistiron no recoñecemento do terreo e a mellora da rede viaria. Tratábase de desatascar e mellorar as canles de drenaxe da auga, para evitar o seu colapso e que se puideran producir fortes escorrentías.

A realización destes traballos enmarcouse no plan de prevención deseñado por responsables e técnicos das consellerías de Medio Rural e do Mar e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Dentro das medidas de emerxencia para minimizar as perdas de solo en terreos afectados polos incendios forestais, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes encomendou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, a realización de parte dos traballos, a través da 'Encomenda de xestión para a execución de actuacións urxentes de control de riscos hidrolóxicos erosivos asociados aos incendios forestais do verán do 2013', cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Leváronse a cabo traballos de mellora de infraestruturas e rede de drenaxe, actuacións de control de vexetación, apeo de árbores, accións de mellora dos cursos de auga, faxinadas, accións de control de erosión e protección de solos (mulching manual de palla



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

de cereai, mulching manual de manta de coco, helimulching (e posterior refino manual, se procedía).

Ademais as consellerías de Traballo e Benestar, Medio Rural e do Mar e a Axencia Turismo de Galicia puxeron en marcha un programa ambiental centrado na limpeza e na rexeneración dos montes.

Así, desde a área de Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar avaliáronse as zonas máis sensibles canto á posible incidencia do arrastre de terras nos bancos marisqueiros. Por parte da área de Montes do mesmo departamento, así como desde a Consellería de MATI, deseñáronse as actuacións a desenvolver, en función do tipo de lume do que se trataba e dos danos concretos nos solos. A partir destas avaliacións definíronse as accións máis axeitadas a realizar sobre o terreo para evitar os danos provocados polos arrastres e a erosión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordoñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23006**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas nas probas de tuberculose bovina realizadas nas campañas de saneamento gandeiro en Galicia e as súas consecuencias para as explotacións”**, (publicada no BOPG número 291 do 15 de maio de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar deu cumprida información a esta iniciativa a través da intervención da Directora Xeral de Producción Agropecuaria na comparecencia da Comisión 7ª celebrada o 13 de xuño de 2014.

Ao respecto, destacamos que Galicia tivo no 2013 unha prevalencia da tuberculose bovina do 0,12% sendo a segunda máis baixa da Península Ibérica, tras Cataluña. Na comunidade galega a tuberculose bovina foi diminuindo progresivamente e de xeito constante e continuo.

Estas baixas prevalencias aportan gran prestixio sanitario á cabana gandeira galega e sitúan ao sector nunha posición máis favorable respecto doutras comunidades autónomas.


A prevalencia media de España é do 1,39%, chegando algunhas comunidades autónomas a acadar prevalencias de ata o 5,94%. Ademais no conxunto de España a tendencia tamén reflectiu unha diminución continuada nos últimos vinte anos, dende o 11,14% en 1986 ata o 1,39% na actualidade.

A directora xeral na súa comparecencia xa explicou que unha vez que entra a tuberculose bovina é moi difícil de erradicar e engadiu que dende 1990 Galicia apostou pola súa erradicación, destinando importantes recursos a tal fin.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21116**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesus Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para lles garantir aos mariñeiros galegos embarcados na frota de altura, grande altura e mariña mercante o exercicio efectivo do dereito ao voto nas eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio de 2014”**, (publicada no BOPG número 261 do 26 de marzo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron abordados en iniciativas presentadas nos mesmos termos polo mesmo grupo parlamentario na pasada lexislatura, con carácter previo á celebración de distintos comicios electorais. É o caso, por exemplo, das iniciativas con número de rexistro 00573 e 00593 –debidamente tramitadas–, ademais da 56476, debatida na sesión plenaria celebrada o 4 de maio de 2011.

Neste marco, cómpre reiterar o xa expresado:

É evidente que a particular situación dos mariñeiros embarcados en altura, provoca ás máis das veces que o exercicio ao seu dereito ao voto se vexa incumprido, unha situación que non atopa, ata o momento, unha solución acaída a súa especial circunstancia.

En efecto, o marco legal vixente non dá óptima cobertura á casuística e peculiar singularidade que presenta a flota de altura, con numerosos traballadores do mar que pasan meses sen arribar a porto.

O Goberno galego, ao igual que o resto dos grupos parlamentarios do Parlamento galego é partidario de garantir que todos os mariñeiros embarcados e os membros da Mariña Mercante poidan exercer o seu dereito ao voto en condicións idénticas ao resto dos cidadáns e con plenas garantías.

En todo caso cómpre salientar que a responsabilidade de introducir as melloras que permitan dito cambio no sistema non corresponden nin son competencia desta Administración autonómica.

Sobre esta base, e dado o peso específico que a flota galega ten no conxunto do Estado e mesmo na UE, a Xunta de Galicia trasladou a súa preocupación por esta cuestión durante o desenvolvemento da Comisión Constitucional sobre a reforma da LOREG celebrada en 2010.

En efecto, no ámbito das Cortes Xerais tense abordado o debate arredor da posibilidade de introducir mecanismos electrónicos de votación que puideran solventar esta situación, unha opción finalmente descartada polas eivas técnicas que presentaba e por non reunir suficientes garantías en termos de seguridade. E nesta mesma liña se ten pronunciado o Consello de Estado e a Xunta Electoral Central en sendos informes presentados no ano 2009.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O director Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/inc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18131**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os criterios mantidos polo Goberno galego na negociación da repartición de fondos da política agraria común”**, (publicada no BOPG número 232 do 6 de febreiro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No relativo aos criterios que defendeu a Consellaría do Medio Rural e do Mar para incrementar o actual reparto de axudas ao sector agrario, cabe sinalar que en todas as reunións e foros sobre a reforma da PAC nas que participou, participa e participará a Consellería, sempre se defende, como non pode ser doutro modo, aqueles criterios, medidas e decisións que son favorables para o sector agrario e o medio rural de Galicia, por exemplo:

- a limitación das superficies que poderán acceder ao pago básico,
 - a non aplicación da taxa plana e a limitación da converxencia,
 - a priorización das axudas acopladas para os sectores gandeiros,
 - a aplicación dos criterios de reparto dos fondos FEADER máis favorables para Galicia,
- etc.

O modelo que se defendeu sempre foi encamiñado a lograr o obxectivo de que as axudas directas da PAC as reciban aqueles que realmente son activos e que exercen unha verdadeira actividade agraria sobre a súa superficie e/ou animais.

Facendo referencia ás medidas para que a política agraria se faga dende Galicia e non dende Madrid, para impedir a despoboación do rural, a incorporación de xente moza ou

que as pequenas e medianas explotacións puideran reestruturarse, todas esas metas ou retos que plantexan corresponden máis ás axudas do segundo pilar da PAC, é dicir, as axudas do desenvolvemento rural. Nese sentido pode ter por seguro que na redacción do próximo PDR contemplaranse eses retos e outros que se consideran de interese para o medio rural de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727